

Índice

PREÁMBULO	5
TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS E DE ORGANIZACIÓN	6
CAPÍTULO I. O Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela	6
Sección primeira. Disposicións xerais	6
Artigo 1. Natureza e réxime xurídico	6
Artigo 2. Principios reitores	6
Artigo 3. Ámbito territorial e domicilio	6
Artigo 4. Denominación	6
Artigo 5. Idioma	7
Artigo 6. Fins	7
Artigo 7. Funcións	7
Artigo 8. Acción social do Colexio	8
Artigo 10. Consideracións honoríficas	8
Artigo 11. Festividade	9
Sección segunda. Portelo único, memoria anual e servizo de atención a persoas colexiadas	9
Artigo 12. Portelo único	9
Artigo 13. Memoria anual	9
Artigo 14. Servizo de atención aos membros do Colexio e ás persoas consumidoras ou usuarias	10
CAPÍTULO II. Profesionais da avogacía e modalidades de colexiación	10
Sección primeira. Disposicións xerais	10
Artigo 15. Profesionais da avogacía	10
Artigo 16. Modalidades e denominacións	10
Artigo 17. Ámbito do exercicio profesional	11
Sección segunda. Colexiación	11
Artigo 18. Adquisición da condición de profesional da avogacía	11
Artigo 19. Requisitos para a colexiación	11
Artigo 20. Trámite de incorporación	12
Artigo 21. Incorporación como non residentes de profesionais da avogacía procedentes doutros colexios	12
Artigo 22. Aprobación e denegación da incorporación	13
Artigo 23. Xuramento ou promesa de acatamento á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico	13
Artigo 24. Incapacidade para o exercicio da avogacía	13
Artigo 25. Perda da condición de colexiado ou colexiada	13
Sección terceira. Ámbito de actuación	14
Artigo 27. Ámbito territorial de actuación dos e das profesionais da avogacía	14
Artigo 28. Acreditación da condición de avogado ou avogada	15
Artigo 29. Intervención profesional obrigatoria	15
Sección cuarta. Incompatibilidades	15
Artigo 30. Incompatibilidades	15
Sección quinta. Publicidade	16
Artigo 31. Principio de publicidade libre	16
Artigo 32. Publicidade	16
Sección sexta. Liberdade profesional e substitucións	16
Artigo 33. Liberdade profesional	16
Artigo 34. Substitución na actuación	17
Sección sétima. Exercicio individual, colectivo e multiprofesional	17

Artigo 35. Do exercicio individual, colectivo e multiprofesional	17
CAPÍTULO III. Dereitos e deberes dos membros do Colexio	18
Sección primeira. De carácter xeral	18
Artigo 36. Cooperación coa Administración de xustiza	18
Artigo 37. Deberes xerais	18
Artigo 38. Segredo profesional	18
Artigo 39. Ámbito do segredo profesional	18
Artigo 40. Confidencialidade das comunicacións entre os e as profesionais da avogacía	19
Artigo 41. Entrada e rexistro en despachos profesionais	19
Artigo 42. Honras	19
Artigo 43. Liberdade e independencia	19
Sección segunda. En relación co colexio e cos demais colexiados e colexiadas	20
Artigo 44. Deberes colexiais	20
Artigo 45. Dereitos dos colexiados e das colexiadas	20
Sección terceira. Relacións coa Administración de xustiza	20
Artigo 46. Deber xeral de cooperación	21
Artigo 47. Localización nas salas e nas dependencias xudiciais	21
Artigo 48. Atrasos nas actuacións xudiciais	21
Artigo 49. Protección da liberdade e da independencia do e da profesional da avogacía	21
Artigo 50. Deberes xerais coa persoa cliente	22
Artigo 51. Deberes de información e identificación	22
Artigo 52. Información complementaria	23
Artigo 53. Aceptación e renuncia de encargos profesionais	23
Artigo 54. Conflito de intereses	23
Artigo 55. Deberes coa parte contraria	24
Sección quinta. Honorarios profesionais	24
Artigo 56. Dereito ao cobramento de honorarios	24
Artigo 57. Libre fixación de honorarios	24
Artigo 58. Encarga profesional	24
Artigo 59. Obriga de emitir factura	24
Artigo 60. Criterios orientativos para os efectos das taxacións de custas e das contas de avogados e avogadas	25
Artigo 61. Dereitos colexiais pola emisión de ditames en impugnacións xudiciais de custas	25
CAPÍTULO IV. Asistencia xurídica gratuíta e de oficio	25
Artigo 62. Ámbito	25
Artigo 63. Organización e control	25
Artigo 64. Formación continuada e especializada	26
TÍTULO II. ÓRGANOS DE GOBERNO DO COLEXIO	26
CAPÍTULO I. Órganos do Colexio	26
Artigo 65. Principios reitores e órganos de goberno	26
CAPÍTULO II. Decano ou decana e Xunta de Goberno	26
Artigo 66. Decano ou decana	26
Artigo 67. Composición da Xunta de Goberno	27
Artigo 68. Reunións, convocatoria, quórum, acordos	27
Artigo 69. Atribucións	27
Artigo 70. Vicedecano ou vicedecana	29
Artigo 72. Tesoureiro ou tesoureira	29
Artigo 73. Bibliotecario ou bibliotecaria	30
Artigo 74. Do secretario ou secretaria	30

Artigo 75. Terminación do mandato	30
CAPÍTULO III. Requisitos, duración do mandato e eleccións para os cargos da Xunta de Goberno	30
Artigo 76. Requisitos	30
Artigo 77. Duración do mandato	31
Artigo 78. Elección e renovación de cargos	31
Artigo 79. Momento das eleccións	31
Artigo 80. Xunta Electoral	31
Artigo 81. Convocatoria	32
Artigo 82. Eleccións	32
Artigo 83. Persoas candidatas	33
Artigo 84. Persoa candidata única	33
Artigo 85. Desenvolvemento da votación	33
Artigo 86. Voto	33
Artigo 87. Emisión do voto	34
Artigo 88. Escrutinio	34
CAPÍTULO IV. Toma de posesión dos membros da Xunta de Goberno	34
Artigo 89. Prazo	34
Artigo 90. Acto da toma de posesión	35
CAPÍTULO V. Vacantes e cesamentos dos membros da Xunta de Goberno	35
Artigo 91. Vacantes	35
Artigo 92. Cesamentos	35
CAPÍTULO VI. Xunta Xeral	35
Artigo 93. Atribucións	35
Artigo 94. Sesións	36
Artigo 96. Xunta xeral ordinaria do primeiro trimestre	36
Artigo 97. Xunta xeral ordinaria do derradeiro trimestre	36
Artigo 98. Convocatoria das xuntas xerais	37
Artigo 99. Xunta xeral extraordinaria	37
Artigo 100. Documentación	37
Artigo 101. Constitución	37
Artigo 102. Desenvolvemento da xunta xeral	38
Artigo 103. Votación	38
CAPÍTULO VII. Delegacións, comisións, agrupacións ou seccións	38
Artigo 104. Delegacións	38
Artigo 105. Comisións	38
Artigo 106. Agrupación da avogacía nova	39
Artigo 107. Seccións	39
TÍTULO III. RÉXIME ECONÓMICO	39
Artigo 108. Principios informadores e contas anuais	39
Artigo 109. Auditoría	39
Artigo 110. Recursos ordinarios	40
Artigo 111. Recursos extraordinarios	40
Artigo 112. Patrimonio do Colexio	40
Artigo 113. Orzamento	40
Artigo 114. Contabilidade	41
TÍTULO IV. RÉXIME DOS ACTOS COLEXIAIS. A SÚA NOTIFICACIÓN E IMPUGNACIÓN	41

CAPÍTULO I. Réxime dos actos colexiais, da súa execución e da súa impugnación	41
Artigo 115. Dereito aplicable e execución	41
Artigo 117. Recursos	41
Artigo 118. Recursos da Xunta de Goberno	42
CAPÍTULO II. Notificacións e réxime das comunicacións electrónicas	42
Artigo 119. Práctica das notificacións	42
TÍTULO V. PERSOAL EMPREGADO, COLABORADOR E SECRETARÍA TÉCNICA	43
Artigo 121. Contratación	43
Artigo 123. Persoal colaborador	44
Artigo 124. Secretaría técnica-xerencia	44
TÍTULO VI. RÉXIME DISCIPLINARIO	44
CAPÍTULO I. Infraccións e sancións	44
Artigo 125. Responsabilidade disciplinaria	44
Artigo 126. Potestades disciplinaria e sancionadora	44
Artigo 127. Infraccións	45
Artigo 128. Sancións	45
Artigo 131. Infraccións graves	46
Artigo 132. Infraccións leves	48
Artigo 133. Sancións para os e as profesionais da avogacía	48
Artigo 134. Efectos das sancións sobre as cargas colexiais	49
Artigo 135. Publicidade das sancións e o seu rexistro	49
Artigo 136. Prescrición das infraccións	49
Artigo 137. Prescrición das sancións	49
Artigo 138. Cancelación de anotacións por cumprimento da sanción	50
Artigo 139. Rehabilitación e a súa comunicación	50
CAPÍTULO II. Procedemento sancionador	50
Artigo 140. Procedemento	50
Artigo 141. Execución das sancións	51
Artigo 143. Réxime aplicable aos colexiados e colexiadas non exercentes	51
TÍTULO VII. MODIFICACIÓN DO PRESENTE ESTATUTO	51
Artigo 145. Procedemento	51
Artigo 146. Habilitación da Xunta de Goberno	52
TÍTULO VIII. DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO COLEXIO	52
Artigo 147. Disolución e liquidación	52
TÍTULO IX. HONRAS	52
Artigo 148. Títulos e distincións	52
Disposición adicional primeira. Normas de aplicación supletoria	52
Disposición adicional segunda. Vixencia da normativa colexial	53
Disposición transitoria	53
Disposición derogatoria única	53
Disposición derradeira. Entrada en vigor	53

Estatuto do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela

Preámbulo

O Real decreto 135/2021, do 2 de marzo, polo que se aproba o novo Estatuto xeral da avogacía española, establece:

«Disposición derradeira terceira. Revisión e adaptación de normativa.

2. Os colexios da avogacía, que aplicarán o presente real decreto desde a súa entrada en vigor, deberán adaptar os seus correspondentes estatutos particulares e as súas normas deontolóxicas, se dispoñen delas, no prazo dun ano desde que aquela se produza, que serán aprobados na forma prevista no artigo 70 do Estatuto xeral que se aproba por virtude deste real decreto e remitidos ao Consejo General para a súa preceptiva aprobación. As normas deontolóxicas aprobadas polo Consejo General de la Abogacía Española prevalecerán, en caso de conflito, sobre as que conteñan os estatutos colexiais.»

«Artigo 70. Aprobación e modificación dos seus estatutos particulares.

1. Os estatutos particulares de cada colexio e as súas modificacións serán elaborados e aprobados na forma prevista pola lexislación autonómica e polos propios estatutos particulares, con sometemento aos principios de autonomía, democracia e transparencia.

2. Os estatutos ou as súas modificacións, unha vez aprobados, seranlle remitidos ao Consejo General de la Abogacía Española para a súa aprobación, conforme o previsto no artigo 6.4 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, sen prexuízo da ulterior tramitación eventualmente prevista na lexislación da correspondente comunidade autónoma.»

Moitos e transcendentales foron os cambios normativos que experimentamos desde outubro de 2007, cando se aprobou o Estatuto do Colexio (DOG núm. 205, do 23.10.2007, Orde da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia pola que se aproban os estatutos do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela de 2007). Conscientes desta circunstancia, faise necesario adaptar a nosa normativa colexial aos cambios introducidos polo novo Estatuto xeral da avogacía española de 2021, así como aos cambios operados no marco regulador dos colexios profesionais pola Directiva europea 2006/123/CE do Parlamento Europeo, incorporada ao dereito interno por medio da Lei 17/2009, do 23 de novembro, e da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Esta adaptación debe igualmente integrar os últimos cambios introducidos na lexislación sobre asistencia xurídica gratuíta e, de maneira particular, no relativo á formación continua dos nosos avogados e avogadas do servizo de asistencia a persoas detidas, da quenda de oficio e dos e das que prestan o servizo de asistencia e asesoramento a vítimas de violencia de xénero.

A Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais, que entrou en vigor o 30 de outubro de 2011, obriga tamén a regular neste novo estatuto os requisitos, as limitacións ou as incompatibilidades para acceder á profesión.

Pola súa parte, o Código deontolóxico, aprobado o 6 de marzo de 2019 polo Pleno do Consejo General de la Abogacía Española, tamén nos esixe unha adaptación do estatuto colexial co fin de actualizar de forma pertinente as disposicións deontolóxicas nel contidas.

Desde o marco normativo citado, a renovación do texto estatutario leva consigo unha aposta decidida pola modernización da corporación en todos os seus ámbitos, nomeadamente no relativo ás novas tecnoloxías, dada a implantación das plataformas dixitais de interacción cos órganos xudiciais e, en xeral, coas administracións públicas. Estas novas formas de relacionarse son as que tamén se están a normalizar entre as persoas colexiadas e as persoas consumidoras e usuarias, o que nos conduce a establecer unha regulación específica do portelo único, accesible na web colexial, en prol de garantir e axilizar a prestación efectiva dos servizos que lles corresponden.

O goberno do Colexio queda sometido aos principios de democracia, autonomía e transparencia. Con esta premisa, introdúcese a regulación dunha xunta electoral coa finalidade de guiar de forma transparente e obxectiva os procesos de renovación dos cargos de goberno do Colexio.

En desenvolvemento dos principios invocados, tamén se crea o Portal de transparencia na páxina web colexial, destinado a publicar todos os anos a memoria anual, os orzamentos, as contas, os convenios subscritos con entidades públicas e privadas, ou calquera outra información que poida ser de interese para a cidadanía e para as persoas colexiadas.

A redacción dada a este estatuto ofrece unha linguaxe inclusiva e democrática a favor da igualdade efectiva de mulleres e homes, e amosa o compromiso desta institución co principio da igualdade de xénero. Con esta mesma perspectiva, considérase oportuno adaptar a denominación do Colexio para adecuala así ás recomendacións que se veñen ofrecendo sobre esta materia desde as administracións e o goberno institucional da avogacía.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS E DE ORGANIZACIÓN

CAPÍTULO I. O Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela

Sección primeira. Disposicións xerais

Artigo 1. Natureza e réxime xurídico

O Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela é unha corporación de dereito público, amparada pola lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Rexerase pola lexislación de colexios profesionais estatal e autonómica e polas demais disposicións pertinentes, segundo o caso, así como polo Estatuto xeral da avogacía española, polo presente Estatuto e os regulamentos e ordes de réxime interno que se aproben no seu desenvolvemento e polos acordos dos órganos corporativos no ámbito das súas respectivas competencias.

Artigo 2. Principios reitores

O Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela someterase na súa actuación e funcionamento aos principios democráticos, de transparencia e ao réxime orzamentario anual coas competencias atribuídas nas disposicións legais e estatutarias.

Artigo 3. Ámbito territorial e domicilio

O seu ámbito territorial abrangue a circunscrición dos partidos xudiciais de Santiago de Compostela, Arzúa, Negreira, Ordes e Padrón.

A súa sede radica na cidade de Santiago de Compostela, co domicilio na rúa de Eduardo Pondal, número 4, baixo. Así mesmo, posúe oficinas nos edificios xudiciais dos partidos do seu ámbito territorial.

Artigo 4. Denominación

A súa denominación oficial é Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela. Non obstante, tamén se poderá utilizar como nome comercial ou marca “Avogacía Compostelá”.

Artigo 5. Idioma

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela. Tamén o é o castelán como lingua oficial do Estado.

2. O Colexio empregará o galego nas súas actuacións administrativas e nas relacións coa cidadanía e coas entidades públicas situadas en Galicia. Nas relacións coas persoas ou coas entidades que radiquen fóra do territorio da nosa comunidade autónoma, o Colexio empregará o castelán.

Artigo 6. Fins

Son fins do Colexio no ámbito da súa competencia:

- a) a ordenación do exercicio da profesión;
- b) a súa exclusiva representación institucional;
- c) a defensa dos dereitos e intereses profesionais dos avogados e avogadas;
- d) o control deontolóxico e o exercicio da potestade disciplinaria;
- e) a formación inicial e permanente das persoas colexiadas;
- f) a colaboración no funcionamento, promoción e mellora da Administración de xustiza;
- g) a organización e prestación do servizo de asistencia xurídica gratuíta nos termos establecidos nas leis;
- h) a intervención no proceso de acceso á profesión;
- i) a defensa do estado social e democrático de dereito;
- j) a promoción e defensa dos dereitos humanos e os demais que dispoñan o Estatuto xeral da avogacía española e a normativa estatal e autonómica, segundo o caso, de aplicación;
- k) a protección dos intereses das persoas consumidoras e usuarias, tanto en relación cos servizos que preste directamente como nos que presten os seus membros. Para os efectos de cumprir con este fin, o Colexio dispoñerá dun servizo de atención ás persoas consumidoras e usuarias, que tramitará e resolverá as queixas e reclamacións ou, de ser o caso, remitirallas á Xunta de Goberno para que as resolva.

Artigo 7. Funcións

Son funcións do Colexio:

- a) Exercer, no seu ámbito, a representación e defensa da profesión ante a Administración, institucións, tribunais, entidades e particulares, con lexitimación para ser parte en cantos litixios afecten os intereses profesionais; todo iso conforme á lexislación vixente.
- b) Ordenar, no ámbito da súa competencia, a actividade profesional.
- c) Aprobar os seus estatutos e regulamentos de réxime interior.
- d) Exercer o dereito de petición ante os poderes públicos conforme á lei.
- e) Organizar actividades e servizos comúns de carácter profesional, cultural, asistencial, de previsión e análogos, de interese para os seus membros.
- f) Elaborar e aprobar os orzamentos anuais de ingresos e gastos, así como as súas contas e liquidacións.
- g) Establecer e esixir achegas económicas.
- h) Levar un rexistro dos seus membros no que conste, polo menos, testemuño auténtico do título académico oficial, a data de alta no colexio, o domicilio profesional, a sinatura actualizada e cantas circunstancias afecten a súa habilitación para o exercicio profesional, segundo o caso.

- i) Elaborar criterios orientativos de honorarios para os efectos exclusivos das taxacións de custas e das xuras de contas, de conformidade co establecido na lei.
- j) Emitir informes nos procedementos administrativos ou xudiciais, cando sexa requirido para iso ou cando se prevea a súa intervención conforme á lexislación vixente.
- k) Propoñer e, de ser o caso, adoptar as medidas necesarias para evitar o intrusismo profesional e a competencia desleal, exercitando respecto diso as accións legais pertinentes.
- l) Procurar o perfeccionamento da actividade profesional e a formación permanente.
- m) Exercer, na orde profesional e colexial, a potestade disciplinaria.
- n) Adoptar as medidas necesarias para garantir o cumprimento do aseguramento da responsabilidade civil dos seus membros.
- ñ) Participar nos órganos consultivos da Administración, cando sexa preceptivo ou esta o requira.
- o) Emitir informes nos proxectos normativos da Administración sobre as condicións do exercicio profesional ou que afecten directamente o Colexio.
- p) Exercer cantas competencias lle sexan atribuídas legalmente, así como colaborar coa Administración mediante a realización de estudos ou a emisión de informes.
- q) Cumprir e facer cumprir aos seus membros as normas xerais e especiais, os estatutos colexiais, os regulamentos de réxime interior e os acordos adoptados polos órganos colexiais en materia da súa competencia.
- r) Aquelas funcións que lle sexan atribuídas por outras normas de rango legal ou regulamentario, que lle sexan delegadas polas administracións públicas ou que se deriven de convenios de colaboración.
- s) Atender as solicitudes de información sobre os seus membros e sobre as sancións firmes que lles impoñan.
- t) Cantas outras funcións redunden en beneficio dos intereses profesionais dos seus membros e, en xeral, cantas se encamiñen ao cumprimento dos fins asignados aos colexios profesionais.

Artigo 8. Acción social do Colexio

1. O Colexio terá especialmente en conta a súa responsabilidade con respecto á sociedade en que se integra. Por iso poderá promover, organizar e executar programas de acción social en beneficio dos sectores máis desfavorecidos, así como para a promoción e difusión dos dereitos fundamentais, os valores democráticos de convivencia ou a cooperación internacional.

2. Sen prexuízo das competencias derivadas da lexislación sobre asistencia xurídica en materia de servizos de orientación xurídica, o Colexio poderá organizar e prestar servizos gratuítos, con ou sen financiamento externo público ou privado, dedicados a asesorar a quen non teña acceso a outros servizos gratuítos e se atope en situacións de necesidade, desvantaxe ou risco de exclusión social.

Artigo 9. Tratamento

Ao Colexio correspóndelle o seu tratamento honorífico tradicional que, en todo caso, será o de ilustre. Ao seu decano ou decana correspóndelle o de ilustrísimo señor ou ilustrísima señora, que manterá con carácter vitalicio.

Artigo 10. Consideracións honoríficas

- 1. O decano ou decana do Colexio terá a consideración honorífica de maxistrado ou maxistrada.
- 2. O decano ou decana do Colexio portará puños na súa toga, así como as medallas e as placas correspondentes aos seus cargos, en audiencia pública e en actos solemnes aos que asista no seu exercicio. En tales ocasións, os demais membros da Xunta de Goberno do Colexio levarán sobre a

toga os atributos propios dos seus cargos, así como puños na toga, se tradicionalmente tiveren recoñecido ese dereito.

Artigo 11. Festividade

O Colexio conmemorará anualmente a festividade de San Raimundo de Peñafort na data que estableza a Xunta de Goberno.

Sección segunda. Portelo único, memoria anual e servizo de atención a persoas colexiadas e a persoas usuarias e consumidoras

Artigo 12. Portelo único

1. O Colexio dispoñerá dun portal electrónico para que, a través do portelo único previsto na lei, os e as profesionais poidan realizar todos os trámites necesarios para a colexiación, o seu exercicio e a súa baixa no Colexio, a través dun único punto, por vía electrónica e a distancia. O Colexio fará o necesario para que, a través deste portelo único, os e as profesionais poidan de forma gratuíta:

- a) Obter toda a información e formularios necesarios para o acceso á actividade profesional e o seu exercicio.
- b) Presentar toda a documentación e solicitudes necesarias, incluíndo a da colexiación.
- c) Coñecer o estado da tramitación dos procedementos en que teña consideración de persoa interesada e recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e a súa resolución polo Colexio, incluída a notificación dos expedientes disciplinarios cando fose procedente.
- d) Recibir as convocatorias para as xuntas xerais ordinarias e extraordinarias e poñer no seu coñecemento a actividade pública e privada do Colexio.

2. A través do referido portelo único, para a mellor defensa dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, o Colexio ofrecerá a seguinte información de forma clara, inequívoca e gratuíta:

- a) O acceso ao rexistro de persoas colexiadas, que estará permanentemente actualizado e no que constarán, polo menos, os seguintes datos: nome e apelidos dos e das profesionais con colexiación, número de colexiación, títulos oficiais que posúan, domicilio profesional e situación de habilitación profesional.
- b) O acceso ao rexistro de sociedades profesionais, que terá o contido descrito na lei.
- c) As vías de reclamación e os recursos que poderán interpoñerse en caso de conflito entre a persoa consumidora ou usuaria e unha persoa colexiada ou o Colexio.
- d) Os datos das asociacións ou organizacións de persoas consumidoras e usuarias ás que as persoas destinatarias dos servizos profesionais poden dirixirse para obter asistencia. Esta información poderá proporcionarse a través dunha ligazón á páxina web correspondente.
- e) O contido do Código deontolóxico da avogacía española e doutros que poidan ser de aplicación.

Artigo 13. Memoria anual

1. O Colexio está suxeito ao principio de transparencia na súa xestión. Para iso, elaborará unha memoria anual que conteña a información seguinte:

- a) Informe da xestión económica, incluíndo os gastos de persoal suficientemente desagregados e especificando as retribucións dos membros da Xunta de Goberno segundo o seu cargo, de ser o caso.
- b) Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

- c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que acadasen firmeza, con indicación da infracción á que se refiren, da súa tramitación e, se procedese, da sanción imposta, con observancia, en todo caso, da lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
 - d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polas persoas consumidoras ou usuarias ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, de ser o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, con observancia, en todo caso, da lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
 - e) Os cambios no contido do Código deontolóxico, se os houber.
 - f) As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se atopen os membros da Xunta de Goberno.
2. A memoria anual aprobada deberá facerse pública a través da páxina web no primeiro semestre de cada ano.

Artigo 14. Servizo de atención aos membros do Colexio e ás persoas consumidoras ou usuarias

1. O Colexio deberá atender as queixas ou reclamacións presentadas.
 2. Dispoñerá dun servizo de atención ás persoas consumidoras ou usuarias, que necesariamente tramitará e resolverá cantas queixas e reclamacións presenten relativas á actividade colexial ou profesional dos seus membros, así como as das asociacións e organizacións de persoas consumidoras e usuarias na súa representación ou en defensa dos seus intereses.
 3. O Colexio, a través deste servizo de atención, resolverá sobre a queixa ou reclamación segundo proceda: ben informando sobre o sistema extraxudicial de resolución de conflitos, ben remitíndollela aos órganos colexiais competentes para instruír os oportunos expedientes informativos ou disciplinarios, ben arquivando ou ben adoptando calquera outra decisión conforme a dereito.
- A tramitación e o procedemento de resolución de queixas e reclamacións serán regulados pola Xunta de Goberno.
4. A regulación deste servizo deberá prever a presentación de queixas e reclamacións por vía electrónica e a distancia.

CAPÍTULO II. Profesionais da avogacía e modalidades de colexiación

Sección primeira. Disposicións xerais

Artigo 15. Profesionais da avogacía

1. É profesional da avogacía quen, estando en posesión do título oficial que habilita para o exercicio desta profesión, conta coa incorporación efectiva a un colexio da avogacía en calidade de exercente e se dedica de forma profesional ao asesoramento xurídico, á solución de disputas e á defensa de dereitos e intereses alleos, tanto públicos como privados, nas vías extraxudicial, xudicial ou arbitral.
2. Correspóndelle en exclusiva a denominación de avogada ou avogado a quen conte coa incorporación efectiva a un colexio da avogacía como exercente.

Artigo 16. Modalidades e denominacións

- a) Exercentes, que se dedican profesionalmente ao exercicio da avogacía. Poden ser residentes ou non residentes, segundo teñan ou non o seu despacho único ou principal no ámbito colexial.

- b) Non exercentes, que non se dedican ao exercicio profesional da avogacía e carecen do dereito a denominarse avogadas ou avogados.
- c) Inscritos ou inscritas, quen, de conformidade coa lexislación, pode exercer en España co título do seu país de orixe.
- d) De honra, quen fose obxecto desta distinción por mor dos seus méritos ou dos servizos relevantes prestados á avogacía ou á corporación.

Artigo 17. Ámbito do exercicio profesional

1. O avogado e a avogada poderán exercer a súa profesión, nos termos que legalmente se establezan, ante calquera clase de órgano xurisdiccional e administrativo de España, así como ante calquera entidade ou persoa pública e privada. Tamén poderá exercer, conforme ás normas en cada caso aplicables, como árbitro ou árbitra, como mediador ou mediadora, ou como interviniente en calquera outro método alternativo á xurisdición para a resolución de conflitos ou litixios.
2. Tamén poderán exercer a súa profesión ante os órganos xurisdiccionais internacionais ou supranacionais cuxas normas reguladoras o permitan.
3. A intervención profesional do avogado ou avogada en toda clase de procesos e ante calquera xurisdición será preceptiva cando así se dispoña polo ordenamento xurídico.
4. O ou a profesional da avogacía poderá exercer a representación procesual do cliente ou clienta cando non estea reservada en exclusiva por lei a outras profesións.

Sección segunda. Colexición

Artigo 18. Adquisición da condición de profesional da avogacía

O título oficial que habilite para o exercicio da profesión da avogacía e a incorporación ao colexio do domicilio profesional, único ou principal, serán requisitos imprescindibles para o exercicio da avogacía. Presumirase como domicilio principal o do lugar onde se atope o despacho profesional principal ou único en territorio español ou, no seu defecto, o do seu domicilio persoal en España. A colexiación como exercente habilita para exercer en todo o territorio do Estado.

Artigo 19. Requisitos para a colexiación

1. Para colexiarse como profesional da avogacía deberán cumprirse os seguintes requisitos:
 - a) Ser maior de idade e ter nacionalidade española ou dalgún Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo ou de terceiros países, sen prexuízo do disposto en tratados ou convenios internacionais e do cumprimento dos requisitos recollidos na normativa sobre estranxeiría respecto do dereito das persoas estranxeiras para establecerse e acceder ao exercicio profesional en España.
 - b) Posuír o título oficial que habilite para o exercicio da profesión da avogacía, agás as excepcións establecidas en normas con rango de lei.
 - c) Satisfacer a cota de ingreso, que non poderá superar os custos asociados á tramitación da inscrición.
 - d) Carecer de antecedentes penais por delitos que leven aparelada a imposición de penas graves ou a inhabilitación para o exercicio da avogacía.
 - e) Non ter condena por intrusismo no exercicio da avogacía nos tres anos anteriores mediante resolución firme, salvo que se cancelasen os antecedentes penais derivados desta condena.

f) Non ter sanción disciplinaria de expulsión dun colexio da avogacía ou, no caso de sufrir tal sanción, dispor da súa rehabilitación, o que se acreditará por medio de certificado expedido polo Consejo General de la Abogacía Española.

g) Non incorrer en causa de incapacidade, incompatibilidade ou prohibición para o exercicio da avogacía, o que se acreditará por medio de certificado expedido polo Consejo General de la Abogacía Española.

h) Formalizar a alta no réxime de seguridade social que corresponda ou, de ser o caso, o ingreso nunha mutualidade de previsión social alternativa ao réxime especial da seguridade social dos traballadores por conta propia ou autónomos, de conformidade coa lexislación vixente, e cumprir as obrigas tributarias inherentes ao exercicio profesional.

i) Dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil profesional coa cobertura mínima que estableza a Xunta de Goberno de acordo coa lexislación vixente.

2. Para incorporarse como persoa colexiada non exercente deberán cumprirse os requisitos establecidos nas letras a), b), c), d), e), f) e g) do punto anterior. Así mesmo, deberá acreditar que non incorre en causa de incapacidade ou prohibición para o exercicio da avogacía na forma prevista na letra g) do punto anterior. Os colexiados e colexiadas non exercentes poderán incorporarse ao colexio da avogacía da súa elección.

3. Nos casos en que a solicitude de colexiación proceda dunha persoa que exerce previamente noutro Estado membro da Unión Europea, procederase de acordo co artigo 77 do Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, e o Regulamento (UE) núm. 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de Información do Mercado Interior (Regulamento IMI).

As corporacións integradas na organización colexial da avogacía informarán das circunstancias que poidan afectar a capacidade para o exercicio da avogacía nos termos do citado artigo 77.

Artigo 20. Trámite de incorporación

1. A solicitude realizarase mediante un escrito dirixido á Xunta de Goberno, que se acompañará da documentación acreditativa de que se cumpren os requisitos para colexiarse. Esta solicitude deberá tramitarse preferentemente de maneira telemática a través do portelo único.

2. A colexiación como residente esixe ter no ámbito territorial do Colexio o despacho único ou principal e non figurar incorporado a ningún outro colexio en tal carácter, sen prexuízo do traslado que esixirá a baixa como residente no colexio de orixe para causar alta neste Colexio.

3. Coa colexiación enténdese concedida ao Colexio a autorización para comunicar os datos que, a xuízo da Xunta de Goberno, teñan carácter profesional, co fin de incluílos nas guías colexiais e cedelos a terceiros conforme ao previsto na lexislación pertinente coas limitacións que establece.

Artigo 21. Incorporación como non residentes de profesionais da avogacía procedentes doutros colexios

1. Poderán incorporarse como non residentes ao Colexio os e as profesionais procedentes doutros colexios de España, que deberán acreditar o seu exercicio e pertenza actual e vixente á respectiva corporación de residencia.

2. Estarase ao disposto no Estatuto xeral da avogacía española no relativo ás persoas que exercen previamente noutro estado da Unión Europea.

Artigo 22. Aprobación e denegación da incorporación

1. As solicitudes de incorporación serán aprobadas, suspendidas ou denegadas, logo da tramitación que proceda, pola Xunta de Goberno mediante resolución motivada. Deberá admitirse a quen reúna os requisitos establecidos para colexiarse.
2. A denegación de incorporación como exercente adoptada por un colexio impedirá a incorporación a esta corporación cando se trate dunha causa non emendable ou que non fose debidamente reparada.
3. Non poderá limitarse o número de altas de colexiación nin pecharse temporal ou definitivamente a admisión de novos colexiados ou colexiadas.

Artigo 23. Xuramento ou promesa de acatamento á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico

1. Antes de iniciar o seu exercicio profesional, os e as profesionais da avogacía prestarán o xuramento ou promesa de acatar a Constitución e o resto do ordenamento xurídico e de cumprir as normas deontolóxicas da profesión, con liberdade e independencia, de boa fe, con lealdade ao cliente ou clienta, respecto á parte contraria e gardando o segredo profesional.
2. O xuramento ou promesa será prestado solemnemente perante o decano ou decana do colexio ao que o profesional da avogacía se incorpore como exercente por primeira vez, ou perante o membro da Xunta de Goberno en quen delegue, coas formas e protocolo que a propia Xunta estableza.
3. A Xunta de Goberno poderá autorizar que o xuramento ou promesa se formalice inicialmente por escrito, coa obriga da súa posterior ratificación pública. En todo caso, deberase deixar constancia no expediente persoal do colexiado ou colexiada sobre a prestación do dito xuramento ou promesa.

Artigo 24. Incapacidade para o exercicio da avogacía

1. Son causas determinantes de incapacidade para o exercicio da avogacía:
 - a) Os impedimentos que, pola súa natureza ou intensidade, non permitan o cumprimento da misión de defensa e asesoramento que se encomendase aos e ás profesionais da avogacía.
 - b) A inhabilitación ou suspensión para o exercicio da avogacía en virtude dunha resolución xudicial firme.
 - c) As sancións disciplinarias firmes que leven aparellada a suspensión do exercicio profesional ou a expulsión de calquera colexio da avogacía, que terá eficacia en todo o territorio nacional.
2. A incapacidade, por calquera das causas anteriores, supoñerá o pase automático do colexiado ou colexiada á condición de non exercente e desaparecerá cando cese a causa que a motivase.
3. No caso de ser obxecto dunha sanción disciplinaria de expulsión de calquera colexio da avogacía, a incapacidade non desaparecerá mentres non medie rehabilitación do ou da profesional da avogacía nos termos previstos no presente Estatuto.

Artigo 25. Perda da condición de colexiado ou colexiada

1. A condición de colexiado ou colexiada perderase:
 - a) Por falecemento.
 - b) Por baixa voluntaria.
 - c) Pola falta de pagamento de doce mensuralidades da cota obrigatoria, a cuxo pagamento estivese obrigado.
 - d) Por condena firme que leve consigo a pena principal ou accesoria de inhabilitación para o exercicio da profesión.
 - e) Por sanción de expulsión do Colexio acordada por resolución firme nun expediente disciplinario.

2. A perda da condición de colexiado ou colexiada será recoñecida no caso da letra a) do apartado anterior ou acordada nunha resolución motivada para o resto de supostos pola Xunta de Goberno do Colexio e, unha vez firme, será inmediatamente comunicada ao Consejo General de la Abogacía Española e ao Consello da Avogacía Galega.

3. No caso do parágrafo c) do apartado primeiro, os colexiados e colexiadas poderán rehabilitar os seus dereitos pagando as cantidades debidas e cumprindo, de ser o caso, os requisitos establecidos sobre o trámite de rehabilitación.

Artigo 26. Rehabilitación do ou da profesional da avogacía que reciba unha sanción de expulsión

O avogado ou avogada que reciba unha sanción disciplinaria de expulsión do Colexio poderá obter a rehabilitación para o exercicio da profesión cando se cumpran os requisitos previstos nos apartados seguintes:

1. A rehabilitación do avogado ou avogada que reciba unha expulsión esixirá o transcurso dun prazo de cinco anos desde que a sanción de expulsión sexa executada, e mais a acreditación de superar as actividades formativas que se establezan en materia de deontoloxía profesional, así como non incorrer en causa de indignidade ou desprezo dos valores e das obrigas profesionais e deontolóxicas.

A rehabilitación solicitarase á Xunta de Goberno do Colexio. Para resolver sobre a devandita solicitude, valoraranse as seguintes circunstancias:

a) Antecedentes penais posteriores á sanción de expulsión e sancións disciplinarias previas non executadas.

b) Transcendencia dos danos e perdas que se deriven da comisión da infracción sancionada, así como, de ser o caso, a súa falta de reparación, atendida a natureza daqueles.

c) Calquera outra relativa á súa relación cos clientes ou clientas, cos compañeiros ou compañeiras, coas autoridades e coa organización profesional corporativa que permita apreciar a incidencia da conduta do ou da profesional da avogacía sobre o seu futuro exercicio da profesión, para o que se terán en conta denuncias ou queixas recibidas con posterioridade á expulsión, sempre que non estivesen prescritos os feitos a que se refiran.

2. As resolucións do Colexio polas que se denegue a rehabilitación solicitada deberán ser sempre motivadas.

Sección terceira. Ámbito de actuación

Artigo 27. Ámbito territorial de actuación dos e das profesionais da avogacía

1. O avogado ou avogada con incorporación en calquera colexio da avogacía de España poderá prestar os seus servizos profesionais libremente en todo o ámbito territorial deste Colexio, con igualdade de facultades e deberes. Entenderase o mesmo para os e as profesionais da avogacía doutros países conforme á normativa vixente.

2. Para actuar profesionalmente no ámbito territorial de calquera colexio distinto daquel ao que se incorporase, non poderá esixirse ao avogado ou avogada ningunha habilitación, nin o pagamento de contraprestacións económicas distintas daquelas que tamén se esixan aos propios colexiados ou colexiadas pola prestación dos servizos de que se benefician e que non se atopen cubertos pola cota colexial.

3. Nas actuacións profesionais que leve a cabo no ámbito territorial doutro colexio distinto ao de incorporación, o avogado ou avogada actuará con suxeición ás normas de actuación, deontolóxicas e de réxime disciplinario daquel, que protexerá a súa liberdade e independencia, conforme ao establecido na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais e na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 28. Acreditación da condición de avogado ou avogada

1. O Colexio comunicarlle ao Consejo General de la Abogacía Española a listaxe dos e das profesionais da avogacía, na que se expresarán as altas e as baixas producidas. Garantirase que nesa listaxe consten os datos profesionais dos avogados ou avogadas, tales como o nome e apelidos, o número de colexiación, os títulos oficiais dos que estean en posesión, o domicilio profesional, a situación de habilitación profesional, o número de teléfono e o enderezo de correo electrónico. O Consejo General de la Abogacía Española confeccionará coas listaxes que lle remitan os colexios o rexistro de profesionais colexiados e colexiadas exercentes previsto na lexislación de colexios profesionais, ou censo nacional de profesionais da avogacía, que se publicará na web e no portelo único, no que se expresará o colexio en que aparece como colexiado ou colexiada exercente residente.
2. O secretario ou secretaria do Colexio remitirá anualmente, preferentemente de forma electrónica, a listaxe dos e das profesionais da avogacía que se incorporaron ao Colexio a todos os xulgados e tribunais do seu territorio, así como aos centros penitenciarios e de detención. A listaxe actualizarase periodicamente coas altas e baixas. O envío desta listaxe poderá substituírse por un acceso directo á páxina web na que figuren os datos debidamente actualizados. O feito de figurar en tal listaxe servirá de comprobante para o exercicio da súa profesión por parte dos e das profesionais da avogacía.
3. O secretario ou secretaria do Colexio poderá comprobar que os e as profesionais da avogacía que interveñan nas actuacións xudiciais figuren con incorporación como exercentes no Colexio ou noutro de España.
4. Os e as profesionais da avogacía deberán consignar en todas as súas actuacións o colexio ao que estivesen incorporados e o número de colexiación.

Artigo 29. Intervención profesional obrigatoria

En prol de garantir a defensa dos dereitos e liberdades e de cumprir a función social da avogacía, os e as profesionais da avogacía deben realizar as intervencións profesionais que se establezan por lei.

Sección cuarta. Incompatibilidades

Artigo 30. Incompatibilidades

1. O exercicio da avogacía é incompatible:
 - a) Co desempeño, en calquera concepto, de cargos, funcións ou empregos ao servizo do Poder Xudicial, das administracións estatal, autonómica ou local e das entidades de dereito público dependentes ou vinculadas a elas, cuxa normativa reguladora así o impoña.
 - b) Coa actividade de auditoría de contas nos termos legalmente previstos.
 - c) Con calquera outra actividade que se declare incompatible por norma con rango de lei.
2. Os e as profesionais da avogacía non poderán manter vínculos asociativos de carácter profesional coas persoas afectadas polas incompatibilidades mencionadas no apartado anterior, cando así o dispoña a lei.
3. O ou a profesional da avogacía que incorra nalgunha das causas de incompatibilidade deberá decontado cesar no exercicio dunha das dúas actividades incompatibles; no caso de facelo na da avogacía, deberá formalizar a súa baixa como exercente no prazo máximo de quince días, mediante comunicación dirixida á xunta de goberno do seu colexio. Se non o fixer, a xunta poderá acordar a súa suspensión preventiva no exercicio da profesión, pasando automaticamente á condición de non exercente e acordando ao tempo incoar o correspondente expediente disciplinario.

Sección quinta. Publicidade

Artigo 31. Principio de publicidade libre

O ou a profesional da avogacía poderá realizar libremente publicidade dos seus servizos, con pleno respecto da lexislación sobre publicidade, defensa da competencia e competencia desleal, así como do Estatuto xeral e dos códigos deontolóxicos que resulten aplicables.

Artigo 32. Publicidade

1. A publicidade que realicen os e as profesionais da avogacía respectará en todo caso a independencia, liberdade, dignidade e integridade como principios esenciais e valores superiores da profesión, así como o segredo profesional.

2. A publicidade non poderá supoñer:

a) A revelación directa ou indirecta de feitos, datos ou situacións amparados polo segredo profesional.

b) A incitación xenérica ou concreta ao preito ou conflito.

c) A oferta de servizos profesionais, por si ou mediante terceiros, a vítimas directas ou indirectas de accidentes ou desgrazas, así como de catástrofes, calamidades públicas ou outros sucesos que produciñen un número elevado de vítimas, sexan ou non delito, en momentos ou circunstancias que condicionen a elección libre de profesional da avogacía, e en todo caso ata transcorridos 45 días desde o feito, nos mesmos termos que se establecen no artigo 8.2 da Lei 4/2015, do 27 de abril, do estatuto da vítima do delito.

Esta prohibición quedará sen efecto no caso de que a prestación destes servizos profesionais fose solicitada expresamente pola vítima.

d) A promesa de obter resultados que non dependan exclusivamente da actividade do profesional da avogacía.

e) A referencia a clientes propios do ou da profesional da avogacía sen a súa autorización.

f) A utilización de emblemas ou símbolos institucionais ou colexiais e daqueles outros que pola súa similitude puidesen xerar confusión, salvo autorización expresa da Xunta de Goberno.

g) A mención de actividades realizadas polo avogado ou avogada que sexan incompatibles co exercicio da avogacía.

3. As mencións en canto á especialización en determinadas materias que inclúan os e as profesionais da avogacía na súa publicidade deberán responder á posesión de títulos académicos ou profesionais específicos sobre as materias de que se trate, á superación de cursos formativos de especialización profesional oficialmente homologados ou a unha práctica profesional que as avalen.

Sección sexta. Liberdade profesional e substitucións

Artigo 33. Liberdade profesional

Os avogados e avogadas terán plena liberdade de aceptar ou rexeitar a dirección do asunto, así como de renunciar a este en calquera fase do procedemento, sempre que non se lle produza indefensión ao cliente ou clienta. Exceptúanse as intervencións de asistencia xurídica gratuíta e da quenda de oficio, nas que a renuncia deberá ser autorizada pola Xunta de Goberno.

Artigo 34. Substitución na actuación

1. Quen se encargue da dirección profesional dun asunto encomendado a outro deberá comunicarllo –o que tradicionalmente se coñece como venia, que nunca poderá denegarse– nalgunha forma que permita acreditar a recepción ou, polo menos, o intento de procurala, co fin de lle dar conta de que recibiu a encarga do cliente ou clienta. A comunicación farase inmediatamente despois de aceptar a encarga e antes de iniciar calquera actuación. Todo iso realízase para continuar o asunto, en prol da seguridade xurídica, da boa práctica profesional, dunha continuidade harmónica na defensa do cliente ou clienta e da delimitación das respectivas responsabilidades. O anterior non rexerá cando o ou a profesional que se substitúa mantivese unha relación laboral co cliente ou clienta.
2. Deberase xustificar a recepción da comunicación o máis axiña posible e poñer ao dispor da persoa petionaria a información e a documentación relativa ao asunto que conste no seu poder, así como proporcionarlle os datos e as informacións que lle sexan necesarios.
3. En caso de substitución, subsiste a obriga de respectar e preservar o segredo profesional sobre a información e a documentación recibida, con especial atención á confidencialidade das comunicacións producidas entre os e as profesionais que interviñesen.
4. Igualmente, deberase informar o cliente ou clienta, de ser o caso, do dereito do ou da profesional precedente na dirección do asunto para cobrar os seus honorarios e da obriga daquel de aboalos, sen prexuízo dunha eventual discrepancia.
5. Se a substitución entre profesionais tivese lugar no marco dun expediente xudicial electrónico, estarase ademais ao establecido na normativa legal e ás súas disposicións de desenvolvemento.
6. Tamén serán de aplicación as normas antes relacionadas cando o avogado ou avogada que se designe na quenda de oficio se substitúa por outro compañeiro ou compañeira de libre designación. En tal caso, a substitución deberá ser comunicada ao Colexio polo substituído ou substituída.
7. Se se está desempeñando a defensa nun asunto que se tramita ante un xulgado ou tribunal, poderá comunicárselle que se cesa para evitar futuras responsabilidades. Quen asuma a dirección letrada deberá comunicalo en todo caso.
8. Terá especial gravidade a substitución nun acto procesual sen previa comunicación escrita e oportuna a quen se releve, por afectar a eficacia da defensa e a dignidade da profesión.
9. Cando sexa imposible por calquera circunstancia comunicar a substitución ou acreditar a recepción da comunicación, poderá remitirse esta ao decano, decana ou órgano colexial competente, que xustificará a súa recepción, e entenderase completada a substitución para todos os efectos.

Sección sétima. Exercicio individual, colectivo e multiprofesional

Artigo 35. Do exercicio individual, colectivo e multiprofesional

1. A avogacía poderá exercerse nas formas previstas no Estatuto xeral da avogacía española e na lexislación vixente.
2. As sociedades profesionais deberán inscribirse no rexistro de sociedades profesionais que o Colexio teña creado para o efecto e terán as mesmas obrigas deontolóxicas que o resto de colexiados e colexiadas, coas particularidades que lles sexan propias.
3. Os deberes de información e identificación que establece o Estatuto xeral da avogacía española recaen tamén sobre as sociedades multidisciplinares nas que son socios e socias profesionais avogados ou avogadas.
4. Igualmente, o segredo profesional incumbe tamén ás sociedades de avogados e avogadas, aos despachos colectivos e ás sociedades multidisciplinares con participación de profesionais da avogacía.

5. O Colexio exercerá sobre as sociedades profesionais que estean inscritas as mesmas competencias que ten atribuídas en relación coas persoas colexiadas, especialmente no relativo á deontoloxía e á potestade disciplinaria.
6. Na folla de encarga profesional deben figurar os datos de identificación das sociedades profesionais, dos despachos colectivos e das sociedades multidisciplinares, segundo o caso.
7. Na denominación subxectiva ou obxectiva dos despachos colectivos deberá figurar a denominación «despacho colectivo» e a forma de agrupación elixida.

CAPÍTULO III. Dereitos e deberes dos membros do Colexio

Sección primeira. De carácter xeral

Artigo 36. Cooperación coa Administración de xustiza

O deber fundamental do avogado ou avogada, como partícipe na función pública da Administración de xustiza, é cooperar con ela, asesorando, conciliando e defendendo en dereito os intereses que lle sexan confiados. En ningún caso, a tutela de tales intereses pode xustificar a desviación do fin supremo de xustiza ao que a avogacía se atopa vinculada.

Artigo 37. Deberes xerais

Son tamén deberes xerais do avogado ou avogada:

- a) Cumprir as normas legais, estatutarias e deontolóxicas, así como os acordos dos diferentes órganos corporativos.
- b) Manter despacho profesional aberto, no territorio do colexio en cuxo ámbito estea incorporado e no que exerza habitualmente a súa profesión.
- c) Comunicar o seu domicilio e os seus eventuais cambios ao colexio en que estea incorporado.

Artigo 38. Segredo profesional

1. A confianza e a confidencialidade nas relacións co cliente ou clienta impoñenlle ao avogado ou avogada, de conformidade co establecido pola Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, o deber e o dereito de gardar segredo de todos os feitos ou noticias que coñezan por razón de calquera das modalidades da súa actuación profesional, non podendo ser obrigado ou obrigada a declarar sobre eles.
2. O previsto neste artigo entenderase sen prexuízo do disposto en cada caso pola Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, polas leis procesuais e demais lexislación aplicable.

Artigo 39. Ámbito do segredo profesional

1. O deber e o dereito de segredo profesional do avogado ou avogada comprende todos os feitos, comunicacións, datos, informacións, documentos e propostas que, como profesional da avogacía, coñecese, emitise ou recibise no seu exercicio profesional.
2. O segredo profesional non ampara as actuacións do avogado ou avogada distintas das que son propias do seu exercicio profesional e, en especial, as comunicacións, escritos e documentos en que interveña con mandato representativo do seu cliente ou clienta e así o faga constar expresamente.
3. As conversacións mantidas polos avogados ou avogadas cos seus clientes, coas partes contrarias ou cos seus avogados ou avogadas, en presenza ou por calquera medio telefónico ou telemático, só

poderán ser gravadas coa previa advertencia e conformidade de todas as persoas intervinientes, quedando en todo caso amparadas polo segredo profesional. Están igualmente amparadas polo segredo profesional as gravacións realizadas polo cliente ou clienta, non coñecidas polo seu avogado ou avogada, mesmo se este non o era ou non interveu no devandito momento, de conversacións en que interveña o avogado ou avogada da outra parte.

4. O avogado ou avogada deberá facer respectar o segredo profesional ás súas persoas colaboradoras e asociadas, así como ao persoal correspondente e demais persoas que cooperen con el ou ela na súa actividade profesional.

5. O deber de segredo profesional permanece mesmo despois de cesar na prestación dos servizos ao cliente ou clienta, sen que se atope limitado no tempo.

6. O avogado ou avogada quedará relevado deste deber sobre aquilo que só afecte ou se refira ao seu cliente, sempre que este lle preste a súa autorización expresamente.

7. Soamente poderá facerse uso de feitos ou noticias sobre os que deba gardarse segredo profesional cando se utilicen no marco dunha información previa, dun expediente disciplinario ou para a propia defensa nun procedemento de reclamación penal ou responsabilidade civil.

Artigo 40. Confidencialidade das comunicacións entre os e as profesionais da avogacía

1. O avogado ou avogada non poderá achegar aos tribunais, nin facilitar ao seu cliente ou clienta, as cartas, os documentos e as notas que, como comunicacións entre profesionais da avogacía, manteña co avogado ou avogada da outra parte, salvo que este o autorice expresamente. Esta prohibición non alcanzará as cartas, os documentos e as notas en que interveña con mandato representativo do seu cliente ou clienta e así o faga constar expresamente.

2. Ante a falta de consentimento expreso das partes, a Xunta de Goberno, cando concorra causa grave, poderá autorizar mediante resolución motivada, e tras a audiencia das persoas interesadas, a presentación ante os órganos xudiciais ou tribunais das cartas, documentos ou notas que como comunicacións entre profesionais se manteñan co avogado ou avogada da parte contraria.

Artigo 41. Entrada e rexistro en despachos profesionais

O decano ou decana do Colexio, quen estatutariamente poida exercer ese cargo en substitución ou quen para tal fin designe o decano ou decana, asistirá a pedimento da persoa interesada á práctica dos rexistros no despacho profesional dun avogado ou avogada e a cantas dilixencias de revisión dos documentos, dos soportes informáticos ou dos arquivos intervidos naquel se practiquen, velando pola salvagarda do segredo profesional e, especialmente, porque o rexistro, así como o resto das actuacións, ás que tamén asistirá, se limiten exclusivamente á investigación do ilícito por razón do cal foron acordados.

Artigo 42. Honras

O avogado ou avogada ten dereito a todas as consideracións honoríficas debidas á súa profesión e que tradicionalmente lle son recoñecidas.

Artigo 43. Liberdade e independencia

1. O avogado ou avogada, en cumprimento da súa misión, actuará con liberdade e independencia, sen outras limitacións que as impostas pola lei e polas normas éticas e deontolóxicas.

2. O deber de defensa xurídica que se lles confía aos avogados e avogadas é tamén un dereito para eles e elas, polo que, ademais de facer uso de cantos remedios ou recursos establece a normativa vixente, poderán reclamar, tanto das autoridades como dos colexios e dos particulares, todas as medidas de axuda na súa función que lles sexan legalmente debidas.

3. Se o avogado ou avogada entender que non se lle garda o respecto debido á súa misión, liberdade e independencia, poderá comunicarllo ao xuíz, xuíza ou tribunal para que poñan o remedio adecuado.

Sección segunda. En relación co Colexio e cos demais colexiados e colexiadas

Artigo 44. Deberes colexiais

Son deberes dos colexiados e colexiadas:

- a) Denunciar ante o Colexio calquera atentado contra a liberdade, a independencia ou a dignidade dun avogado ou dunha avogada no exercicio das súas funcións.
- b) Denunciar ao Colexio todo acto de intrusión que chegue ao seu coñecemento, así como os casos de exercicio ilegal, sexa por falta de colexiación, por suspensión ou inhabilitación da persoa denunciada, ou por incorrer en supostos de incompatibilidade ou prohibición.
- c) Estar ao corrente no pagamento das súas cotas, ordinarias ou extraordinarias, e levantar as demais cargas colexiais, calquera que sexa a súa natureza, na forma e nos prazos establecidos para o efecto. Para tales efectos, considéranse cargas corporativas todas as impostas polo Colexio, polo Consello da Avogacía Galega, ou polo Consejo General de la Abogacía Española.
- d) Non intentar a implicación do avogado ou avogada da parte contraria no litixio ou nos intereses debatidos, nin directa nin indirectamente, evitando incluso calquera alusión persoal ao compañeiro ou compañeira, e dispensándolle sempre un tratamento coa maior corrección.
- e) Manter como materia reservada as conversacións e a correspondencia mantidas cos e coas profesionais da avogacía da parte contraria, con prohibición de revelalas ou presentalas en xuízo sen o seu consentimento previo. Non obstante, por causa grave, a Xunta de Goberno do Colexio poderá discrecionalmente autorizar a súa revelación ou presentación en xuízo sen o dito consentimento previo.
- f) Presentar a correspondente orde de domiciliación da conta bancaria, na que figure como titular, para os efectos dos cargos colexiais que procedan.
- g) Comunicar unha conta de correo electrónico para os efectos de recibir comunicacións e notificacións do Colexio.
- h) Manter despacho profesional aberto, propio, alleo ou de empresa, no territorio do colexio en que figure con incorporación efectiva como exercente residente.
- i) E todos aqueles contidos no Código deontolóxico.

Artigo 45. Dereitos dos colexiados e das colexiadas

Son dereitos dos colexiados e das colexiadas os seguintes:

- a) Participar na xestión corporativa e exercer os dereitos de petición, voto e acceso aos cargos directivos.
- b) Solicitar do Colexio o amparo da súa dignidade, independencia e lícita liberdade de actuación profesional, así como do seu dereito para conciliar a vida familiar coa actuación profesional.
- c) Recibir información dos acordos adoptados polos órganos colexiais que lles afecten. En todo caso, o Estatuto particular do Colexio, as normas aprobadas polos seus órganos e os acordos de interese xeral deberán figurar, debidamente actualizados, na páxina web do Colexio e nas dependencias colexiais ao dispor de quen os solicite.
- d) Os demais dereitos que lles confira o Estatuto xeral da avogacía española.

Sección terceira. Relacións coa Administración de xustiza

Artigo 46. Deber xeral de cooperación

1. Na súa condición de garante da efectividade do dereito constitucional de defensa e de colaborador coa Administración de xustiza, o avogado ou avogada ten a obriga de participar e cooperar con ela asesorando, conciliando e defendendo en dereito os intereses que lle sexan confiados.
2. Na súa intervención ante os órganos xurisdiccionais, o avogado ou avogada deberá aterse na súa conduta á boa fe, á prudencia e á lealdade. A forma da súa intervención deberá gardar o debido respecto aos devanditos órganos e aos avogados e avogadas que exerzan a defensa das demais partes.

Artigo 47. Localización nas salas e nas dependencias xudiciais

1. Os avogados e avogadas terán dereito a intervir ante os xulgados e tribunais de calquera xurisdición sentando no estrado, preferentemente, ao mesmo nivel en que se atope instalado o órgano xurisdiccional ante o que actúen e vestindo toga, adecuando a súa indumentaria á dignidade da súa función.

En todo caso atenderanse as indicacións que, no exercicio de policía de estrados, poida adoptar o órgano xudicial.

2. O avogado ou avogada actuante poderá ser auxiliado ou substituído en calquera dilixencia xudicial por un ou varios compañeiros en exercicio, podendo intervir dous ou máis profesionais da avogacía nas vistas sempre que esa intervención conxunta presente xustificación suficiente a criterio do órgano xudicial. Para a substitución bastará a declaración do ou da profesional da avogacía que se encargue da substitución baixo a súa propia responsabilidade.
3. Os avogados ou avogadas que se atopen procesados ou imputados e se defendan a si mesmos ou colaboren co seu defensor usarán toga e, neste caso, ocuparán o lugar dos avogados ou avogadas.
4. O Colexio velará por que nas sedes de xulgados e tribunais se dispoña de dependencias dignas e suficientes para ser utilizadas polos e polas profesionais da avogacía no desenvolvemento das súas funcións.

Artigo 48. Atrasos nas actuacións xudiciais

Os avogados e as avogadas esperarán un tempo prudencial sobre a hora sinalada polos órganos xudiciais para as actuacións en que deban intervir. Unha vez transcorrido ese tempo sen causa xustificada, formularán a pertinente queixa ante o mesmo órgano.

Así mesmo, deberán denunciar o atraso ante a Xunta de Goberno do Colexio para que poida adoptar as actuacións pertinentes.

O Colexio establecerá protocolos de actuación para que, ante a reiteración de atrasos inxustificadas, se presente a correspondente denuncia ante o Consello Xeral do Poder Xudicial.

Artigo 49. Protección da liberdade e da independencia do e da profesional da avogacía

1. Na súa actuación ante os xulgados e tribunais os avogados e avogadas son libres e independentes, gozarán dos dereitos inherentes á dignidade da súa función e poderán solicitar o amparo na súa liberdade de expresión e defensa, nos termos previstos nas normas aplicables.
2. Se o avogado ou avogada considerase que a autoridade, xuíz, xuíza ou tribunal coarta a independencia e a liberdade necesarias para cumprir os seus deberes profesionais, ou que non garda a consideración debida á súa función, poderá facelo constar así ante o propio xulgado ou tribunal e dar conta á Xunta de Goberno. A Xunta de Goberno, se estimar fundada a queixa, adoptará medidas activas para amparar a liberdade, a independencia e a dignidade profesionais.

Sección cuarta. Relación coas partes

Artigo 50. Deberes xerais co cliente ou clienta

1. Son obrigas do avogado ou da avogada con respecto á parte sobre a que exerce a súa defensa, ademais das que se deriven das súas relacións contractuais, o cumprimento da misión de defensa que lle sexa encomendada co máximo celo e dilixencia, gardando o segredo profesional.
2. O avogado ou avogada realizará dilixentemente as actividades profesionais que lle impoña a defensa do asunto encomendado, aténdose ás esixencias técnicas, deontolóxicas e éticas adecuadas á tutela xurídica do dito asunto e podendo auxiliarse dos seus colaboradores ou colaboradoras ou outros compañeiros ou compañeiras, que actuarán baixo a súa responsabilidade.
3. En todo caso, o avogado ou avogada deberá identificarse ante a persoa á que asesore ou defenda, incluso cando o faga por conta dunha terceira persoa, co fin de asumir as responsabilidades civís, penais e deontolóxicas que, de ser o caso, correspondan.
4. E todas aquelas obrigas establecidas no Estatuto xeral da avogacía española e no Código deontolóxico.

Artigo 51. Deberes de información e identificación

1. O avogado ou avogada debe facilitarlle ao cliente ou clienta o seu nome, o número de identificación fiscal, o colexio ao que pertence e o número de colexiación, o domicilio profesional e o medio para poñerse en comunicación con el ou ela ou co seu despacho, incluíndo a vía electrónica.

Cando se trate dunha sociedade profesional ou despacho colectivo, deberá informar o cliente ou clienta da súa denominación, da forma, dos datos de rexistro, do réxime xurídico, do código de identificación fiscal, do enderezo ou sede desde o que se presten os servizos e dos medios de contacto, incluíndo a vía electrónica.

2. Cando os servizos requiridos esixan a participación de diferentes profesionais da avogacía dunha mesma sociedade ou organización, o cliente ou clienta terá dereito a coñecer a identidade de todos e de todas as profesionais, o colexio ao que pertencen e, se se tratase de sociedades profesionais, se son ou non socios, así como o avogado ou avogada que asuma a dirección do asunto.
3. O avogado ou avogada ten a obriga de informar o seu cliente ou clienta sobre a viabilidade do asunto que se lle confía; procurará disuadila de promover conflitos ou exercitar accións xudiciais sen fundamento e aconsellaraa, de ser o caso, sobre as vías alternativas para a mellor satisfacción dos seus intereses.
4. Así mesmo, informarao sobre os honorarios e os custos da súa actuación. Tamén lle fará saber as consecuencias que pode ter unha condena ás custas e a súa contía aproximada.
5. O avogado ou avogada deberá informar o seu cliente ou clienta sobre o estado do asunto en que estea a intervir e sobre as incidencias e as resolucións relevantes que se produzan. Nos procedementos administrativos e xudiciais, se o cliente ou clienta o requirise, proporcionaralle unha copia dos diferentes escritos que se presenten ou reciban, das resolucións xudiciais ou administrativas que lle sexan notificadas e das gravacións das actuacións que se produzan.
6. O avogado ou avogada só poderá emitir informes que conteñan valoracións profesionais sobre o resultado probable dun asunto, dun litixio ou unha estimación das súas posibles consecuencias económicas, se a petición procede da persoa clienta afectada quen, en todo caso, deberá ser a destinataria exclusiva, salvo que esta de maneira expresa lle preste a súa autorización a dalo a coñecer a unha terceira persoa.
7. Así mesmo, o avogado ou avogada ten dereito a solicitar do cliente ou clienta, mantendo a confidencialidade necesaria, canta información e documentación resulte relevante para o correcto exercicio da súa función. En ningún caso o avogado ou avogada poderá reter documentación do cliente ou clienta, sen prexuízo de que poida conservar unha copia.

Artigo 52. Información complementaria

1. Se así llo solicita, o avogado ou avogada poñerá á disposición da súa clientela a seguinte información complementaria:

- a) Referencia ás normas de acceso á profesión da avogacía en España, así como os medios necesarios para acceder ao seu contido.
- b) Referencia das súas actividades multidisciplinares.
- c) Posibles conflitos de intereses e medidas adoptadas para evitalos.
- d) Códigos deontolóxicos ou de conduta aos que se someta, así como o enderezo en que os devanditos códigos poden ser consultados.

2. A citada información poñerase ao dispor do cliente ou clienta nalgunha das formas seguintes:

- a) No lugar de prestación do servizo ou de subscripción do contrato.
- b) Por vía electrónica.
- c) En calquera tipo de documento informativo que se lle facilite á persoa clienta, no que se presentarán os servizos de forma detallada.

3. A información recollida nas letras b) e c) do apartado primeiro deste artigo deberá figurar sempre en todo documento informativo en que o avogado ou avogada presente detalladamente os seus servizos.

Artigo 53. Aceptación e renuncia de encargos profesionais

1. O avogado ou avogada terá plena liberdade para aceptar ou rexeitar a dirección de calquera asunto que lle sexa encomendado.

2. O avogado ou avogada poderá cesar na súa intervención profesional cando xurdan discrepancias co seu cliente ou clienta e deberá facelo cando concorran circunstancias que afecten a súa independencia e liberdade na defensa ou ao deber de segredo profesional.

3. O avogado ou avogada poderá renunciar á defensa procesual que lle fora confiada en calquera fase do procedemento, sempre que non se cause indefensión ao cliente ou clienta, mantendo a obriga a despachar os trámites procesuais urxentes.

O avogado ou avogada comunicarlle a súa renuncia por escrito ao cliente ou clienta e, de ser o caso, ao órgano xudicial ou administrativo ante o que comparecese. Deberá proporcionarlle ao compañeiro ou compañeira que se faga cargo do asunto e que llo requira todos os datos e informacións que sexan necesarios para a adecuada defensa do cliente ou clienta.

4. Na asistencia xurídica gratuíta e na quenda de oficio, as renunciadas rexeranse pola súa propia normativa e sempre coa autorización da Xunta de Goberno.

Artigo 54. Conflito de intereses

1. O avogado ou avogada está obrigado a non defender intereses en conflito con aqueles ou aquelas cuxo asesoramento ou defensa lle foi encomendada ou cos seus propios e, en especial, a non defraudar a confianza do seu cliente ou clienta.

2. O avogado ou avogada non poderá intervenir por conta de dúas ou máis persoas nun mesmo asunto se existe conflito ou risco significativo de conflito entre os seus intereses, salvo autorización expresa e por escrito de todas elas, previa e debidamente informadas para o efecto e sempre que se trate dun asunto ou encarga de natureza non litixiosa. Así mesmo, o avogado ou avogada poderá intervenir en interese de todas as partes en funcións de mediador ou mediadora e na preparación e redacción de documentos de natureza contractual, debendo manter nestes casos unha estrita neutralidade.

3. Cando xurda un conflito de intereses entre dúas persoas, o avogado ou avogada deberá deixar de exercer a defensa de ambas, salvo autorización expresa por escrito das dúas para intervir en defensa dunha delas.

4. O avogado ou avogada deberá absterse de actuar para unha nova persoa cando exista risco de vulneración do segredo profesional respecto a informacións fornecidas por unha antiga clienta ou se o coñecemento que o avogado ou avogada posúe por razón doutros asuntos da antiga clienta puidese favorecer indebidamente a nova clienta en prexuízo da antiga.

5. Cando varios avogados ou avogadas exerzan de forma colectiva ou formen parte ou colaboren nun mesmo despacho, calquera que sexa a forma asociativa utilizada, as regras establecidas neste artigo serán aplicables ao grupo no seu conxunto e a todos e cada un dos seus membros.

Artigo 55. Deberes coa parte contraria

1. Cando lle conste que conta con asistencia letrada, o avogado ou avogada non poderá entrar en contacto directo coa parte contraria e só se poderá relacionar con ela a través do seu avogado ou avogada, salvo autorización expresa do ou da profesional desta.

2. Se a parte contraria non estivese asistida por profesional da avogacía, o avogado ou avogada interveniente deberá evitar toda clase de abuso e absterse de calquera acto que determine unha lesión inxusta.

3. É obriga do avogado ou avogada con respecto á parte contraria dispensarlle un trato considerado e cortés, así como absterse ou omitir calquera acto que determine unha lesión inxusta para ela.

4. Tamén se someterá aos deberes establecidos no Estatuto xeral da avogacía española e no Código deontolóxico.

Sección quinta. Honorarios profesionais

Artigo 56. Dereito ao cobramento de honorarios

O avogado ou avogada ten dereito a unha contraprestación económica polos seus servizos, así como ao reintegro dos gastos ocasionados.

Artigo 57. Libre fixación de honorarios

A contía dos honorarios será libremente convida entre a persoa solicitante dos seus servizos e o avogado ou avogada, con respecto ás normas deontolóxicas e sobre defensa da competencia e competencia desleal.

Artigo 58. Encarga profesional

Antes de iniciar a súa actuación profesional, o avogado ou avogada proporcionaralle a quen lle solicite os seus servizos a información a que se refire o artigo 51 de presente Estatuto e o 48 do Estatuto xeral, preferentemente mediante a utilización de follas de encarga.

Artigo 59. Obriga de emitir factura

O avogado ou avogada ou a sociedade profesional deberán entregarlle unha factura ao cliente ou clienta. Esta factura terá que cumprir todos os requisitos legais e deberá expresar detalladamente os diferentes conceptos dos honorarios e a relación de gastos. Na medida do posible, fomentarse a utilización da factura electrónica.

Artigo 60. Criterios orientadores para os efectos das taxacións de custas e das contas de avogados e avogadas

O Colexio poderá elaborar criterios orientativos de honorarios para os efectos exclusivos das taxacións de custas e das contas de avogados e avogadas, así como informar e ditaminar sobre honorarios profesionais neste tipo de procedementos xudiciais. Tamén poderá emitir informes periciais, nos termos do artigo 5.o) da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais. Os citados criterios serán igualmente válidos para o cálculo dos honorarios que correspondan para os efectos das taxacións de custas na asistencia xurídica gratuíta.

Artigo 61. Dereitos colexiais pola emisión de ditames en impugnacións xudiciais de custas

Para o caso de impugnacións xudiciais, os dereitos e devindicacións polos ditames do Colexio serán por conta do avogado ou avogada impugnada se a minuta fose reducida en máis dun 20 %; no caso contrario, serán por conta do ou da impugnante. Por criterio da Xunta de Goberno, cando o resultado do ditame que se vai emitir presente diferenzas mínimas con respecto aos importes da minuta e da impugnación, non se repercutirán os devanditos dereitos económicos pola emisión do ditame.

A contía dos dereitos colexiais pola emisión de ditames e informes periciais será establecida mediante acordo da Xunta de Goberno no momento da elaboración do orzamento de cada exercicio.

Os ditos dereitos teñen a condición de recursos ordinarios do Colexio, polo que a súa falta de pagamento será motivo de inicio de expediente disciplinario por falta de pagamento de cotas colexiais.

CAPÍTULO IV. Asistencia xurídica gratuíta e de oficio

Artigo 62. Ámbito

De conformidade co previsto no artigo 22 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, o Colexio implantará servizos de asesoramento ás persoas peticionarias de asistencia xurídica gratuíta, coa finalidade de orientar e canalizar as súas pretensións. O devandito asesoramento terá, en todo caso, carácter gratuíto para as persoas solicitantes.

Correspóndelles aos avogados e avogadas prestar os servizos obrigatorios de asistencia letrada e de defensa gratuítas, nos termos e nos supostos previstos nas leis.

Tamén lles corresponde aos avogados e avogadas o asesoramento e a defensa de quen desexe exercer os seus dereitos ante calquera xurisdición ou administración e non conte con profesional da avogacía para a súa defensa ou asesoramento, coa obriga de lles aboar os seus honorarios.

Artigo 63. Organización e control

1. Os avogados e avogadas desempeñarán as funcións a que se refire este capítulo coa liberdade, coa independencia e coa dilixencia profesionais que lles son propias e conforme ás normas deontolóxicas que rexen para a profesión e a normativa reguladora da asistencia xurídica gratuíta.

2. O desenvolvemento das devanditas funcións será organizado pola Xunta de Goberno do Colexio, que designará os ou as profesionais da avogacía que deban asumir cada asunto; controlará o seu desempeño; establecerá as normas e os requisitos a que deba de aterse na prestación dos servizos correspondentes e esixirá as responsabilidades que procedan; todo iso conforme á lexislación vixente.

Os avogados e avogadas desenvolverán as citadas funcións no ámbito territorial de adscrición que corresponda en cada caso, de conformidade coas previsións contidas nas normas reguladoras da asistencia xurídica gratuíta e na normativa interna deste colexio.

A asistencia e a defensa de quen ten dereito á asistencia xurídica gratuíta é unha obriga de todos os avogados e avogadas. Con todo, cando se conte cun número suficiente de profesionais da avogacía, poderase organizar o servizo a partir de profesionais con disposición a actuar de forma voluntaria.

Artigo 64. Formación continuada e especializada

1. Os avogados e avogadas teñen o dereito e o deber de seguir unha formación continuada para a súa capacitación permanentemente en prol do correcto exercicio da súa actividade profesional e para acceder a unha especialización profesional mediante a acreditación de formación específica.

2. O Colexio organizará actividades formativas de actualización profesional para os seus colexiados e colexiadas e expedirá en favor dos e das asistentes certificacións acreditativas da súa asistencia e aproveitamento. Tamén poderá organizar este tipo de actividades conxuntamente con outras organizacións públicas ou privadas, en especial coas universidades.

Nos casos en que a normativa vixente esixa determinada especialización para realizar actividades concretas ou para acceder a cargos, grupos ou quendas, a especialización regulada neste artigo habilitará o avogado ou avogada para iso.

TÍTULO II. ÓRGANOS DE GOBERNO DO COLEXIO

CAPÍTULO I. Órganos do Colexio

Artigo 65. Principios reitores e órganos de goberno

O goberno do Colexio está presidido polos principios de democracia, autonomía, transparencia e de procurar a adopción de medidas que promovan a igualdade efectiva de homes e mulleres nos seus órganos de goberno. Son os seus órganos de goberno o Decano ou Decana, a Xunta de Goberno e a Xunta Xeral.

CAPÍTULO II. Decano ou decana e Xunta de Goberno

Artigo 66. Decano ou decana

Corresponderalle a representación legal do Colexio en todas as súas relacións, incluídas as que manteña cos poderes públicos, entidades, corporacións e personalidades de calquera orde; as funcións de consello, vixilancia e corrección que os estatutos reserven á súa autoridade; a presidencia de todos os órganos colexiais, así como a cantas comisións e comités especiais asista, dirixindo os debates e votacións, con voto de calidade en caso de empate; a expedición das ordes de pagamento e libramentos para atender os gastos e investimentos colexiais, e a proposta dos avogados ou avogadas que deban formar parte de tribunais de oposicións ou concursos, a excepción daquelas propostas que por disposición legal lle corresponda realizar ao Consejo General de la Abogacía Española ou ao Consello da Avogacía Galega.

Para o caso de ausencia temporal será substituído polo vicedecano ou vicedecana.

Artigo 67. Composición da Xunta de Goberno

A Xunta de Goberno, órgano reitor do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, componse de nove membros: un decano ou decana, un deputado ou deputada primeira (vice decano ou vice decana), un tesoureiro ou tesoreira, un bibliotecario ou bibliotecaria, un secretario ou secretaria e outros catro deputados ou deputadas que se denominarán segundo/a, terceiro/a, cuarto/a e quinto/a.

Artigo 68. Reunións, convocatoria, quórum, acordos

1. A Xunta de Goberno reunirse unha vez ao mes, excepto en casos xustificados, e cantas veces sexa convocada polo decano ou decana, por propia iniciativa, ou por pedimento dunha terceira parte dos seus membros.

2. A convocatoria será realizada polo secretario ou secretaria, por orde do decano ou decana, mediante escrito, correo electrónico ou calquera outro medio, e remitirase cunha antelación mínima de vinte e catro horas, salvo en supostos de urxencia. Esta expresará o lugar, o día e a hora da reunión e os asuntos que se vaian tratar. A dita función poderá ser delegada no secretario técnico ou secretaria técnica.

3. Para que a Xunta de Goberno quede validamente constituída, será necesaria a concorrencia da maioría numérica dos membros que a integren, non sendo nos supostos que requiran quórum especial de asistencia.

4. A Xunta de Goberno será presidida polo decano, decana ou por quen estatutariamente poida exercer a súa substitución, quen dirixirá os debates, dando a quenda de palabra e coidando de que as intervencións sexan concisas e axustadas ao asunto que sexa obxecto de cuestión.

5. Os acordos adoptaranse por maioría de votos dos e das asistentes, que se emitirán de forma escrita e secreta se algún membro da Xunta de Goberno así o solicita. En caso de empate decidirá o voto de calidade de quen presida. Todo iso, salvo os supostos que expresamente se establezan nunha norma de rango superior ou en que se precise unha maioría cualificada.

6. A documentación relativa aos asuntos que se vaian tratar deberá estar na secretaría do Colexio a disposición dos e das compoñentes da Xunta de Goberno con cando menos vinte e catro horas de antelación á realización da sesión de que se trate.

7. Os membros da Xunta de Goberno que teñan interese directo ou indirecto nun asunto concreto incluído na orde do día ausentaranse da sesión durante a súa discusión e votación. Incorporaranse a ela unha vez que a Xunta de Goberno tome a decisión que estime pertinente sobre tal extremo. De tal feito deixarase constancia na acta.

8. Os membros da Xunta de Goberno deberán gardar segredo sobre as deliberacións e os asuntos tratados.

9. A asistencia ás reunións da Xunta de Goberno será obrigatoria.

Os membros da Xunta de Goberno cesarán pola falta de asistencia inxustificada a tres sesións consecutivas da Xunta de Goberno ou a cinco alternas no prazo dun ano, tras o acordo previo da propia Xunta.

10. O secretario técnico ou secretaria técnica do Colexio poderá asistir ás sesións da Xunta de Goberno co fin de informar sobre os asuntos incluídos na orde do día, con voz pero sen voto e coa obriga de gardar segredo das súas deliberacións.

Artigo 69. Atribucións

1. Son atribucións da Xunta de Goberno:

a) Someter a referendo asuntos concretos de interese colexial, por sufraxio secreto e na forma que a propia Xunta estableza.

- b) Resolver sobre a admisión das persoas que soliciten incorporarse ao Colexio; o decano ou decana poderá exercer esta facultade, en casos de urxencia, e serán sometidos á ratificación da Xunta de Goberno.
- c) Velar por que os e as profesionais con colexiación manteñan boa conduta en relación cos tribunais, cos seus compañeiros e compañeiras e cos seus clientes e clientas, e que no desempeño da súa función, despreguen a necesaria dilixencia e competencia profesionais.
- d) Perseguir a intrusión e denunciar as incompatibilidades.
- e) Regular, nos termos legalmente establecidos, o funcionamento e as designacións para prestar os servizos de asistencia xurídica gratuíta.
- f) Determinar as cotas de incorporación e as ordinarias que deban satisfacer os colexiados e colexiadas para o sostemento das cargas e dos servizos colexiais.
- g) Propoñerlle á Xunta Xeral a imposición de cotas extraordinarias aos e ás profesionais con colexiación.
- h) Recadar o importe das cotas e dos demais dereitos económicos establecidos para o sostemento das cargas do Colexio, do Consello da Avogacía Galega, do Consejo General de la Abogacía Española, así como dos demais recursos económicos previstos no Estatuto xeral da avogacía.
- i) Establecer os criterios orientadores para taxacións de custas e xuras de contas. Emitir informes en materia de honorarios profesionais nos supostos legais ou estatutariamente previstos.
- j) Convocar eleccións para prover os cargos da Xunta de Goberno, elixir os membros da Xunta Electoral e dispoñer o necesario para desenvolver o proceso electoral, conforme ás normas legais e estatutarias.
- k) Convocar xuntas xerais ordinarias e extraordinarias, coa fixación da orde do día.
- l) Exercer as facultades disciplinarias e deontolóxicas.
- m) Propoñerlle para aprobación da Xunta Xeral os regulamentos de orde interior que estime convenientes.
- n) Establecer, crear ou aprobar as delegacións, agrupacións, comisións ou seccións de colexiados ou colexiadas que poidan interesar para os fins da corporación, regulando o seu funcionamento e fixando as facultades que, de ser o caso, lle deleguen. As comisións deberán ser presididas en todo caso por un membro da Xunta de Goberno.
- ñ) Velar por que no exercicio profesional se observen as condicións de dignidade e prestixio que lle corresponden aos e ás profesionais da avogacía, así como propiciar a harmonía e colaboración entre os colexiados e colexiadas, impedindo a competencia desleal.
- o) Informar os colexiados e as colexiadas de cantas cuestións coñezan que lles poidan afectar, xa sexan de índole corporativa, colexial, profesional ou cultural.
- p) Defender os colexiados e as colexiadas no desempeño das funcións da profesión.
- q) Promover ante as administracións públicas e as autoridades canto se considere beneficioso para o interese común e para a recta e pronta administración de xustiza.
- r) Exercer os dereitos e as accións que lle correspondan ao Colexio e, en particular, contra quen entorpeza o bo funcionamento da Administración de xustiza ou a liberdade e independencia do exercicio profesional.
- s) Obter, distribuír e administrar os fondos do Colexio; redactar os orzamentos, render as contas anuais, e propoñerlle á Xunta Xeral o investimento ou disposición do patrimonio colexial, de se tratar de inmobles.
- t) A Xunta de Goberno poderá emitir ditames, resolver consultas e ditar laudos. Os dereitos económicos que perciban por estas actuacións ingresaranse na caixa do Colexio.
- u) Proceder á contratación dos empregados e empregadas que se necesiten para a boa marcha da corporación.

- v) Dirixir, coordinar, programar e controlar a actividade dos departamentos e dos servizos colexiais.
- w) Obter, custodiar e administrar os fondos e o patrimonio do Colexio e propoñerlle á Xunta Xeral a adquisición, alleamento ou gravame dos inmobles que integren o patrimonio colexial.
- x) Decidir a realización de auditorías das contas colexiais e contratalas.
- y) Designar profesionais para a arbitrase, para a peritaxe e para exercer de contador ou contadora cando tal designación lle sexa solicitada, e establecer os requisitos de formación e antigüidade.

2. En relación coas agrupacións da avogacía nova:

- a) Correspóndelle á Xunta de Goberno aprobar a constitución, suspensión ou disolución das agrupacións de novos e novas profesionais ou calquera outra que poida constituírse no seo do Colexio, así como os seus estatutos e as súas modificacións.
- b) A Xunta de Goberno poderá acordar a asistencia do presidente ou presidenta da agrupación da avogacía nova ou de calquera outra agrupación que se poida constituír no seo do Colexio para que interveñan con voz pero sen voto nas súas reunións, aínda que non poderán estar presentes cando se debatan asuntos de índole disciplinaria. En todo caso estableceranse previamente na orde do día aqueles asuntos en que poidan estar presentes.
- c) As actuacións e comunicacións das comisións, seccións e agrupacións existentes no seo do Colexio haberán de ser identificadas como de tal procedencia, sen atribuírselle á corporación.

Artigo 70. Vicedecano ou vicedecana

- 1. Desempeñará todas aquelas funcións que lle confira o decano ou decana. Tamén asumirá as súas funcións nos supostos de falecemento, ausencia, enfermidade, abstención, recusación ou vacante.
- 2. O deputado primeiro ou deputada primeira será quen exerza o cargo de vicedecano ou vicedecana e os demais deputados e deputadas poderán igualmente substituír, por orde de numeración, o decano ou decana nos casos previstos no apartado anterior.

Artigo 71. Deputados e deputadas

- 1. Os deputados e as deputadas actuarán como vogais da Xunta de Goberno e desempeñarán, ademais das funcións previstas no presente Estatuto, as que especialmente lles sexan encomendadas por aquela ou polo decano ou decana.
- 2. As substitucións dos cargos da Xunta de Goberno serán asumidas polo deputado ou deputada que corresponda segundo o previsto no presente Estatuto, ou por quen designe a propia Xunta de Goberno. Para os casos de urxencia, decidirá o decano ou decana.

Artigo 72. Tesoureiro ou tesoureira

- 1. As súas funcións son:
 - a) Materializar a recadación e custodiar os fondos do Colexio.
 - b) Pagar os libramentos que expida o decano ou decana.
 - c) Informar de forma periódica a Xunta de Goberno da conta de ingresos e gastos e da execución do orzamento, así como formalizar anualmente as contas do exercicio económico vencido.
 - d) Redactar os orzamentos anuais que a Xunta de Goberno deba presentar para a aprobación da Xunta Xeral.
 - e) Ingresar e retirar fondos das contas bancarias, de forma conxunta co decano ou decana.
 - f) Levar inventario minucioso dos bens do Colexio, dos que será administrador ou administradora.
 - g) Controlar a contabilidade e verificar a caixa.

- h) Cobrar os xuros e as rendas do capital do Colexio.
 - i) Cantas outras funcións lle sexan encomendadas pola Xunta de Goberno.
2. No caso de ausencia temporal, as anteriores funcións serán asumidas polo secretario ou secretaria.

Artigo 73. Bibliotecario ou bibliotecaria

As súas funcións son:

- a) Dirixir e ordenar a biblioteca e a catalogación das obras.
- b) Adecuar a biblioteca aos avances técnicos e ás necesidades dos Colexiados e das Colexiadas, recollendo as súas suxestións e decidindo sobre a adquisición das obras que estime de interese.
- c) Cantas outras funcións lle sexan encomendadas pola Xunta de Goberno.

Artigo 74. Do secretario ou secretaria

As súas funcións son:

- a) Recibir as comunicacións, a correspondencia, as solicitudes e todos os escritos dirixidos ao Colexio e dispoñer a súa tramitación.
- b) Expedir certificacións.
- c) Levar o rexistro dos Colexiados e Colexiadas.
- d) Formar os expedientes persoais de todos os Colexiados e Colexiadas.
- e) Redactar as actas das xuntas xerais e das sesións da Xunta de Goberno.
- f) Coidar o arquivo, levar o libro de rexistro de títulos e custodiar o selo do Colexio.
- g) Publicar anualmente as listaxes dos Colexiados e Colexiadas.
- h) Organizar e dirixir as oficinas e desempeñar a xefatura do persoal.
- i) No caso de ausencia temporal, as súas funcións serán asumidas polo deputado ou deputada número 2.
- j) Todas estas funcións poderán ser delegadas na secretaría técnica por acordo da Xunta de Goberno, así como a delegación da sinatura en cuestións non substanciais e co acordo previo da Xunta de Goberno.

Artigo 75. Terminación do mandato

Os membros da Xunta de Goberno ao cesaren nos seus cargos farano tamén naqueles outros para os que fosen designados na súa condición de compoñentes desta, agás que a propia Xunta acorde expresamente a súa continuidade.

CAPÍTULO III. Requisitos, duración do mandato e eleccións para os cargos da Xunta de Goberno

Artigo 76. Requisitos

1. O decano ou decana e os demais membros da Xunta de Goberno serán elixidos de entre Colexiados e Colexiadas exercentes e residentes na demarcación do Colexio que, no momento de proclamar as súas candidaturas, acrediten as seguintes antigüidades mínimas de exercicio profesional:

Para decano ou decana e deputado 1º ou deputada 1ª: 10 anos

Para secretario ou secretaria, tesoureiro ou tesoureira, deputados 2º e 3º ou deputadas 2ª e 3ª: 5 anos

Para bibliotecario ou bibliotecaria, deputados 4º e 5º ou deputadas 4ª e 5ª: 3 anos.

2. Quen presente a súa candidatura non poderá incorrer en ningunha das seguintes situacións:

a) Ter condena por sentenza firme que leve aparelada a inhabilitación ou suspensión para cargos públicos, mentres esta subsista.

b) Ter sanción disciplinaria en calquera colexio de avogacía, mentres non dispoñan da rehabilitación.

c) Ser membros de órganos reitores doutro colexio profesional.

d) Non atoparse ao corrente no pagamento das cotas colexiais na data en que se convoque o proceso electoral.

Artigo 77. Duración do mandato

1. O mandato dos membros da Xunta de Goberno será de cinco anos e poderán ser reelixidos.

2. Cando se produza calquera vacante antes da expiración do mandato, a Xunta de Goberno poderá convocar eleccións para cubrila. Quen se elixa ocupará o cargo tan só durante o resto do mandato que lle quedase a quen substitúa.

Artigo 78. Elección e renovación de cargos

1. Os membros da Xunta de Goberno serán elixidos en votación directa e secreta entre os do Colexio nos termos e nas condicións que establecen este Estatuto e mais o Estatuto xeral da avogacía española.

2. A Xunta de Goberno renovarase cada cinco anos parcialmente, sen prexuízo de que calquera dos seus membros poida optar á reelección no mesmo cargo. Para estes efectos establécense os cargos que se renovan en cada elección da seguinte forma:

a) nunha parte: decano ou decana, bibliotecario ou bibliotecaria, deputado 1º ou deputada 1ª e deputado 4º ou deputada 4ª;

b) na outra parte: secretario ou secretaria, tesoureiro ou tesoureira, deputado 2º ou deputada 2ª, deputado 3º ou deputada 3ª e deputado 5º ou deputada 5ª.

3. No caso de que opte por presentarse ás eleccións algún membro da Xunta de Goberno, este considerárase renunciado de forma automática de todos os seus cargos dentro da institución, unha vez presentada a candidatura.

Artigo 79. Momento das eleccións

As eleccións para cubrir os cargos vacantes da Xunta de Goberno terán lugar dentro do último trimestre do ano.

Artigo 80. Xunta Electoral

1. Os procesos electorais desenvolveranse baixo a supervisión dunha xunta electoral, que velará pola boa marcha de cantos trámites electorais se leven a cabo durante o proceso electoral.

2. A Xunta Electoral actuará con total independencia e deberá ser provista pola Xunta de Goberno de todos os medios que requira para o correcto desenvolvemento do seu cometido.

3. A Xunta Electoral estará composta por tres membros titulares e por tres suplentes, sen que poidan pertencer a ela os membros da Xunta de Goberno, os delegados ou delegadas da Xunta de Goberno

nos partidos xudiciais, os membros das xuntas directivas ou das agrupacións da avogacía nova ou calquera outra persoa coordinadora ou responsable dun órgano estatutario.

4. A Xunta Electoral estará formada por un presidente ou presidenta, un secretario ou secretaria e un ou unha vogal. As persoas que a compoñan serán elixidas pola Xunta de Goberno, mediante acordo previo á convocatoria das eleccións, de entre os Colexiados e Colexiadas exercentes residentes que posúan unha antigüidade de máis de cinco anos no exercicio profesional, para os cargos de presidente ou presidenta e de secretario e secretaria; e de entre os demais Colexiados e Colexiadas exercentes residentes, para o cargo de vogal. Así mesmo, elixiranse tres suplentes para cubrir posibles vacantes dos ou das tres titulares. A persoa titular da secretaría técnica auxiliará a Xunta Electoral en todos os trámites necesarios e participará nas súas reunións, así como na Mesa Electoral, con voz pero sen voto.

Presidirá a Xunta Electoral quen posúa máis anos de antigüidade no exercicio da profesión.

5. Os tres membros da Xunta Electoral formarán a mesa electoral o día do acto da votación, na que exercerán os seus cargos correspondentes de presidencia, secretaría e vogalía.

6. A validez dos acordos tomados pola Xunta Electoral requirirá un quórum de cando menos a maioría dos seus membros.

Artigo 81. Convocatoria

A convocatoria das eleccións axustarase ás seguintes regras:

1. O cómputo dos prazos entenderase por días naturais.

2. A Xunta de Goberno redactará a convocatoria electoral, que se anunciará como mínimo con trinta días de antelación á data de realización das eleccións, sen computar o día do anuncio nin o da realización.

3. Dentro dos cinco días seguintes á data da convocatoria, o secretario ou secretaria deberá inserila no taboleiro de anuncios e na páxina web do Colexio. A convocatoria deberá ter o seguinte contido mínimo:

a) Os cargos que serán obxecto de elección e os requisitos esixidos para poder aspirar a cada un deles, tanto de antigüidade como de situación Colexial.

b) O día, a hora e o lugar da realización das eleccións, así como a hora á que se pecharán as urnas para comezar o escrutinio.

c) Os membros que conforman a Xunta Electoral.

d) Igualmente, expoñeranse no taboleiro de anuncios as listaxes separadas de Colexiados e Colexiadas exercentes e non exercentes con dereito a voto.

4. A convocatoria tamén lle será enviada a todo o censo Colexial mediante circular informativa, que se comunicará por correo electrónico segundo o previsto no presente Estatuto no relativo ás comunicacións electrónicas.

Artigo 82. Eleccións

1. Serán electores e electoras todos os Colexiados e Colexiadas que se incorporen ao Colexio con máis de tres meses de antelación respecto da data da convocatoria das eleccións.

2. O voto dos Colexiados e Colexiadas exercentes terá valor dobre respecto do voto dos e das non exercentes.

3. As reclamacións contra a inclusión ou exclusión das listaxes de electores e electoras deberán formularse, de ser o caso, dentro dos cinco días seguintes á súa exposición.

4. A Xunta Electoral resolverá, no caso de existir reclamacións contra as listaxes, dentro dos tres días seguintes á expiración do prazo para formulalas, e notificaráselle a resolución a quen reclame dentro dos dous días seguintes.

Artigo 83. Persoas candidatas

1. As candidaturas deberán presentarse na secretaría do Colexio no prazo que medie entre o día da convocatoria e os quince días anteriores á data de realización de eleccións, sen incluír nese cómputo o día das eleccións.

2. As candidaturas poderán presentarse de forma individual ou conxunta nunha soa listaxe para todos ou algúns dos cargos para os que se convoque elección, ben que, en todo caso as listaxes serán abertas.

3. Non se poderá presentar ás eleccións ningún membro da Xunta de Goberno que estea no exercicio do cargo.

4. As candidaturas deberán estar asinadas persoalmente polas persoas candidatas. Non será válida a candidatura dun mesmo colexiado ou colexiada para máis dun cargo.

5. Ao día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de candidaturas, a Xunta Electoral proclamará candidatos e candidatas a quen reúna os requisitos establecidos. Deseguido, publicará no taboleiro de anuncios os nomes dos candidatos e candidatas e notificaralles a súa proclamación.

6. As exclusións deberán ser motivadas e notificaránselles ás persoas interesadas nos dous días seguintes á publicación.

7. Contra a resolución de exclusión dunha persoa candidata poderá presentarse recurso no prazo de dous días ante a Xunta Electoral, que resolverá en igual prazo.

Artigo 84. Persoa candidata única

Cando, tras finalizar o prazo de presentación de candidaturas, exista un só candidato ou candidata para algunha das vacantes convocadas, quedará designada como electa a única persoa presentada.

Artigo 85. Desenvolvemento da votación

1. Para a celebración das eleccións constituirase a mesa electoral, que estará formada polos membros da Xunta Electoral segundo o establecido no apartado 5 do artigo 80 do presente Estatuto.

2. Cada persoa candidata poderá designar entre os colexiados e colexiadas unha persoa interventora para que exerza a súa representación durante o desenvolvemento da votación e do escrutinio.

3. Na mesa electoral deberá haber urnas separadas, pechadas e precintadas, para colexiados e colexiadas exercentes e non exercentes.

4. Unha vez constituída a mesa electoral, o presidente ou presidenta declarará o comezo da votación. Na hora prevista para a súa finalización, pecharanse as portas e só poderán votar os colexiados e colexiadas que xa estivesen na sala. Os e as integrantes da mesa votarán en último lugar.

5. A votación terá unha duración mínima de catro horas e un máximo de oito.

6. As papeletas de votación serán editadas polo Colexio. Deberán ser do mesmo tamaño e cor e introduciranse nas urnas dentro dun sobre que tamén facilitará o Colexio.

7. A Xunta Electoral deberá dispoñer a existencia, na sede en que se realice a votación, de suficiente número de papeletas das distintas candidaturas, así como outras papeletas co espazo do nome e os apelidos das candidaturas en branco.

Artigo 86. Voto

1. Os e as votantes deberán acreditar perante a mesa electoral a súa identidade. A mesa comprobará a inclusión da persoa votante no censo e o presidente ou presidenta pronunciará en voz alta o nome e os apelidos de quen vote, indicando que vota. Por último, o propio presidente ou presidenta introducirá a papeleta na urna correspondente.

2. O presidente ou presidenta da mesa poderá recadar da secretaría do Colexio a ficha colexial co fin de acreditar a identidade do ou da votante.

Artigo 87. Emisión do voto

1. O exercicio do dereito de voto de quen teña a condición de persoa electora é persoal, secreto, libre e directo.

2. O voto é indelegable.

3. O voto poderá exercerse tamén por correo postal. A Xunta de Goberno regulará na convocatoria das eleccións a súa solicitude e formalización.

Artigo 88. Escrutinio

1. Unha vez rematada a votación, procederase ao escrutinio.

2. Serán nulas aquelas papeletas que conteñan expresións alleas ao contido da votación ou que non permitan determinar a vontade da persoa electora.

3. Serán parcialmente nulas as papeletas que, ao votar a favor dun determinado cargo, propoñan o nome dunha persoa que non sexa candidata ou que o sexa para outro cargo distinto ao que se presentase e cando se vote máis dunha persoa candidata para un mesmo cargo, así como as que conteñan riscaduras ou raspaduras. A papeleta será válida respecto do voto para os demais cargos que non teñan os defectos indicados.

4. Serán válidas as papeletas que conteñan voto para un número inferior de cargos ao número que se someta a elección.

5. Unha vez finalizado o escrutinio, o secretario ou secretaria da mesa electoral levantará acta do resultado, que asinará co visto e prace do presidente ou presidenta. O presidente ou presidenta anunciará o resultado e proclamarase deseguido como electas as persoas candidatas que obtivesen, para cada cargo, o maior número de votos.

6. No caso de empate entenderase elixido o candidato ou candidata que obtivese máis votos dos colexiados e colexiadas exercentes; de persistir o empate, resultará elixido o candidato ou candidata de maior antigüidade no exercicio da profesión no Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela.

7. O resultado da elección poderá ser impugnado no prazo de cinco días naturais ante o Consello da Avogacía Galega.

Os recursos que se interpoñan contra o resultado das eleccións serán admitidos nun só efecto e non suspenderán a proclamación nin a toma de posesión das persoas elixidas, agás cando así se acorde por causas excepcionais mediante resolución expresa e motivada.

8. No prazo de cinco días desde a constitución da Xunta de Goberno, deberá comunicarse a súa composición ao Consello da Avogacía Galega, ao Consejo General de la Abogacía Española e á consellaría competente en materia de colexios profesionais.

CAPÍTULO IV. Toma de posesión dos membros da Xunta de Goberno

Artigo 89. Prazo

Os membros electos deberán tomar posesión dos seus cargos na primeira xunta xeral ordinaria do ano.

Ata que a dita toma de posesión teña lugar, os membros cesantes seguirán exercendo as súas funcións interinamente.

Artigo 90. Acto da toma de posesión

A toma de posesión levarase a cabo nun acto solemne que se incluírá na orde do día da primeira xunta xeral ordinaria do ano. Neste acto os novos cargos prestarán xuramento ou promesa de exercer as súas funcións con lealdade e fidelidade ao Colexio, de cumprir as leis e de gardar segredo das deliberacións da Xunta de Goberno.

CAPÍTULO V. Vacantes e cesamentos dos membros da Xunta de Goberno

Artigo 91. Vacantes

1. Cando por calquera causa quede vacante a totalidade dos cargos da Xunta de Goberno do Colexio, o Consello da Avogacía Galega designará unha xunta provisional de entre os seus membros máis antigos. A xunta provisional convocará, no prazo de trinta días naturais, eleccións para a provisión dos cargos vacantes polo resto do mandato que quedase, eleccións que deberán realizarse dentro dos trinta días naturais seguintes, contados a partir da convocatoria.

2. Da mesma forma complementarase provisionalmente a Xunta de Goberno do Colexio cando se producise a vacante da metade ou máis dos cargos, e procederáse de igual modo á convocatoria de eleccións para a súa provisión definitiva.

Artigo 92. Cesamentos

Os membros da Xunta de Goberno cesarán polas causas seguintes:

- a) Falecemento
- b) Renuncia da persoa interesada.
- c) Falta de concorrencia ou perda dos requisitos estatutarios para desempeñar o cargo.
- d) Expiración do termo ou prazo para o que foron elixidos ou designados.
- e) Falta inxustificada de asistencia a tres sesións consecutivas da Xunta de Goberno ou a cinco alternas no prazo dun ano, logo do acordo da propia Xunta.
- f) Aprobación dunha moción de censura, segundo o regulado no seguinte capítulo.

CAPÍTULO VI. Xunta Xeral

Artigo 93. Atribucións

A Xunta Xeral terá as seguintes atribucións ademais das establecidas no Estatuto xeral da avogacía española e demais normativa aplicable:

- a) Aprobar o Estatuto do Colexio e as súas modificacións ou reformas.
- b) Debater e, de ser o caso, aprobar os orzamentos e as contas anuais de cada exercicio.

- c) Debater e, de ser o caso, resolver sobre a reprobación ou censura da Xunta de Goberno ou de calquera dos seus membros.
- d) Aprobar a imposición de cotas extraordinarias.
- e) Aprobar o investimento ou disposición do patrimonio colexial se se tratar de inmobles.
- g) Calquera outra facultade que lle atribúan as leis, os regulamentos ou o presente Estatuto.

Artigo 94. Sesións

1. Levaranse a cabo cada ano dúas xuntas xerais ordinarias, unha no primeiro trimestre e outra no derradeiro.
2. Ademais, poderán convocarse cantas xuntas xerais extraordinarias sexan debidamente convocadas por iniciativa do decano ou decana, da Xunta de Goberno ou dun número de colexiados ou colexiadas exercentes que representen cando menos o 25 por cento do seu número total, que deberán de acreditar ante a secretaría do Colexio a súa identidade ou representación.

Artigo 95. Composición e réxime de voto

1. Todos os colexiados e colexiadas que se incorporasen con anterioridade á data da súa convocatoria poderán asistir con voz e voto ás xuntas xerais ordinarias e extraordinarias que se realicen, pero o voto dos colexiados e colexiadas exercentes computará con valor dobre respecto do voto dos demais colexiados e colexiadas. O voto é indelegable.
2. Os acordos das xuntas xerais adoptaranse por maioría simple e, logo de ser adoptados, serán obrigatorios para todos os colexiados e colexiadas, sen prexuízo do réxime de recursos establecido no presente Estatuto.

Artigo 96. Xunta xeral ordinaria do primeiro trimestre

1. A Xunta xeral ordinaria do primeiro trimestre de cada ano terá a seguinte orde do día:
 - a) Recensión que fará o decano ou decana dos acontecementos máis importantes que tivesen lugar durante o ano anterior en relación co Colexio.
 - b) Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.
 - c) Lectura, discusión e votación dos asuntos que se consignen na convocatoria.
 - d) Proposicións.
 - e) Peticións e preguntas.
 - f) Toma de posesión, de ser o caso, dos seus cargos respectivos, polos membros da Xunta de Goberno elixidos, e cesamento daqueles a quen corresponda saír.
2. Sete días antes da xunta, os colexiados e colexiadas poderán presentar as proposicións que desexen someter á deliberación e acordo da Xunta Xeral, e que serán tratadas na orde do día dentro da sección denominada «proposicións». Ao dar lectura destas proposicións, a Xunta Xeral acordará se procede ou non abrir discusión sobre elas.
3. As ditas proposicións deberán aparecer subscriptas por un número de colexiados ou colexiadas non inferior ao 5 % do total do censo do Colexio con data do 31 de decembro do ano inmediatamente anterior.

Artigo 97. Xunta xeral ordinaria do derradeiro trimestre

A Xunta xeral ordinaria do derradeiro trimestre de cada ano terá a seguinte orde do día:

1. Exame e votación do orzamento formado pola Xunta de Goberno para o exercicio seguinte.

2. Lectura, discusión e votación dos asuntos que se consignen na convocatoria.
3. Celebración de eleccións para os cargos vacantes da Xunta de Goberno, cando proceda.
4. Peticións e preguntas

Artigo 98. Convocatoria das xuntas xerais

As xuntas xerais serán convocadas con quince días de antelación e comunicadas xunto coa orde do día a todos os Colexiados e Colexiadas mediante circular informativa remitida ao seu correo electrónico profesional. Tamén se expoñerá a convocatoria coa orde do día no taboleiro de anuncios da sede do Colexio e na súa páxina web.

Para o caso de urxencia, a xuízo do decano ou decana, poderase reducir o prazo da convocatoria.

Artigo 99. Xunta xeral extraordinaria

1. Toda xunta xeral distinta da prevista nos artigos anteriores terá a consideración de extraordinaria.
2. A aprobación, modificación e derogación do estatuto do Colexio e o voto de censura á Xunta de Goberno ou a calquera dos seus membros deberán de ser tratados en xunta xeral extraordinaria, convocada con só ese obxecto.
3. As xuntas xerais extraordinarias convocaranse por iniciativa do decano ou decana, da Xunta de Goberno ou cando o solicite un número de Colexiados ou Colexiadas que represente cando menos o 25 por cento dos e das exercentes. Na solicitude expresaranse os asuntos concretos que serán tratados na xunta.
4. A convocatoria será feita pola Xunta de Goberno cunha antelación mínima de quince días. Cando a dita xunta xeral fose solicitada polos Colexiados ou Colexiadas, deberá efectuarse no prazo máximo de trinta días hábiles contados desde a entrada da solicitude no rexistro do Colexio. Nunca poderán ser tratados nela máis asuntos ca os expresados na convocatoria.
5. A súa realización terá lugar o día e na hora indicados, calquera que sexa o número de Colexiados ou Colexiadas concorrentes á dita xunta, agás nos casos en que se esixa un quórum de asistencia determinado.

Os seus acordos tomaranse por maioría de votos emitidos, menos nos supostos en que o presente Estatuto esixa quórum especial. En ningún caso será delegable o voto.

Artigo 100. Documentación

Desde os quince días anteriores á data fixada para a realización da xunta xeral e ata o día anterior a ela, estará a disposición de todos os Colexiados e Colexiadas, na secretaría do Colexio, a documentación dos asuntos que sexan obxecto da convocatoria.

Artigo 101. Constitución

1. As xuntas xerais quedarán validamente constituídas calquera que sexa o número de asistentes, sempre que fosen debidamente convocadas. Por excepción:
 - a) Cando a xunta teña por obxecto a aprobación, modificación ou derogación do Estatuto do Colexio; para a válida constitución dela, requirirase a asistencia da metade máis un dos seus membros con dereito a voto. De non se acadar o dito quórum, realizarase unha nova xunta xeral na que non se esixirá quórum especial ningún. Na convocatoria poderase indicar o día e a hora para a realización desta segunda convocatoria.
 - b) Cando a xunta teña por obxecto o voto de censura á Xunta de Goberno ou a algún dos seus membros; a solicitude da súa convocatoria requirirá a sinatura dun mínimo do 25 % dos membros

exercentes, incorporados cando menos con tres meses de antelación e expresará con claridade as razóns que a fundamentan.

Para a válida constitución da dita xunta xeral extraordinaria, requirirase a concorrencia persoal da metade máis un do censo colexial con dereito a voto. Para que prospere o voto de censura, será necesario o voto favorable da metade máis un do censo dos colexiados e colexiadas exercentes con dereito a voto, que deberá de ser expresado necesariamente de forma secreta, directa e persoal.

Artigo 102. Desenvolvemento da xunta xeral

1. O decano ou decana dirixirá os debates, concedendo e retirando o uso da palabra, e poderá advertir os e as asistentes que se excedan nas súas intervencións, que non se cingan á cuestión debatida ou que lle falten ao respecto, á consideración debida ao Colexio, á Xunta de Goberno ou aos colexiados ou colexiadas, ou que alteren, en calquera forma, o desenvolvemento da xunta. En tales supostos, o decano ou decana, se quen estea intervindo non modifícase a súa actitude logo de advertencia, poderá acordar a súa expulsión da sala.

2. Nos debates concederanse quendas a favor e outras en contra por cada proposición ou asunto que se trate, a discreción do decano ou decana.

Artigo 103. Votación

1. As xuntas xerais adoptarán os seus acordos por maioría simple de votos dos e das asistentes.

2. O voto dos colexiados ou colexiadas exercentes terá o valor dobre respecto do voto dos e das non exercentes. A condición de exercente ou non exercente entenderase como tal no día en que se realice a xunta xeral.

3. A votación realizarase á man alzada, agás que a maioría dos e das asistentes acorde que sexa nominal ou secreta. Por excepción, cando o obxecto da xunta sexa o voto de censura, a votación será secreta.

CAPÍTULO VII. Delegacións, comisións, agrupacións ou seccións

Artigo 104. Delegacións

1. Para o mellor cumprimento dos seus fins e a maior eficacia das súas funcións, o Colexio poderá establecer por acordo da súa Xunta de Goberno delegacións naqueles partidos xudiciais en que así o requiran os intereses profesionais, que funcionarán conforme ao regulamento que aprobará a Xunta de Goberno.

2. A delegación exercerá a representación da Xunta de Goberno no ámbito da súa demarcación e terá como misión colaborar con esta, actuando baixo as súas directrices.

3. A Xunta de Goberno elixirá o delegado ou a delegada de entre os ou as profesionais exercentes residentes do partido xudicial correspondente.

Artigo 105. Comisións

1. A Xunta de Goberno, en prol dunha maior eficacia no desenvolvemento das súas funcións, estará asistida das comisións que se creen mediante acordo, de forma permanente ou temporal cando se considere necesario ou oportuno, podendo delegar nelas as competencias que estime oportunas.

2. As comisións estarán formadas por un presidente ou presidenta, un secretario ou secretaria e polo número de vogais que se determine. O cargo da presidencia estará ocupado por un membro da Xunta

de Goberno ou polo membro da comisión en quen delegue. O cargo da secretaría será ocupado por quen resulte elixido de entre os membros da comisión.

3. As comisións poderán organizarse mediante subcomisións.

Artigo 106. Agrupación da avogacía nova

1. Na corporación existirá unha agrupación da avogacía nova, á que poderá pertencer quen conte cunha idade de anos de exercicio profesional que será establecida no seu estatuto particular.

2. A organización, o réxime e o funcionamento da agrupación regularanse no seu estatuto particular, que en ningún caso poderá ser contrario ao do Colexio.

3. Cando nos orzamentos xerais do Colexio se consigne unha partida como dotación económica para atender o mantemento da agrupación, deberase dar conta no mes de xaneiro de cada ano á Xunta de Goberno do destino concreto dado aos fondos que se lle entregaron co fin de que se xustifiquen debidamente na conta xeral de gastos do Colexio.

4. Corresponderalle á Xunta de Goberno aprobar a constitución, a suspensión ou a disolución da agrupación, así como o seu estatuto e as súas modificacións.

Artigo 107. Seccións

A Xunta de Goberno, por iniciativa propia ou por pedimento dos colexiados ou colexiadas, poderá crear cantas seccións considere convenientes co obxecto de posibilitar o contacto entre especialistas en materias concretas e o intercambio recíproco de información técnico-xurídica sobre o tema de que se trate. As seccións deberán propoñer as iniciativas que estimen procedentes á Xunta de Goberno para ser elevadas ás instancias que correspondan.

TÍTULO III. RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 108. Principios informadores e contas anuais

1. De conformidade co disposto no Estatuto xeral da avogacía española, o funcionamento económico do Colexio axustarase ao réxime de orzamento anual e será obxecto dunha contabilidade ordenada, coincidindo o exercicio económico co ano natural. Para estes efectos confeccionarase unha memoria anual, de acordo co disposto pola lei.

2. Todos os colexiados e colexiadas poderán examinar as contas durante os quince días hábiles anteriores á data de realización da xunta xeral á que houbesen de someterse para a súa aprobación ou rexeitamento. Este dereito de información exercerase mediante exame persoal por parte do colexiado ou colexiada, quen poderá auxiliarse dun ou dunha profesional de peritaxe con titulación na materia.

3. En cumprimento do principio de transparencia, unha vez aprobadas as contas anuais pola Xunta Xeral, estas serán publicadas no portal de transparencia da web e incluídas na memoria anual.

Artigo 109. Auditoría

1. A Xunta de Goberno poderá nomear un auditor ou auditora de contas para a verificación da contabilidade.

2. Ante a falta de nomeamento de auditor ou auditora, por petición subscripta polo 10 % da totalidade dos colexiados e colexiadas, a Xunta de Goberno deberá proceder ao seu nomeamento para que, con cargo aos fondos colexiais, efectúe a revisión das contas do exercicio anterior. A dita solicitude deberá presentarse dentro do mes seguinte á data de peche do exercicio que sexa obxecto da revisión.

3. A Xunta de Goberno ordenará realizar auditorías para a verificación da contabilidade cando se produza renovación, total ou parcial, dos seus órganos de goberno, sen prexuízo da función fiscalizadora que lle corresponde aos organismos públicos legalmente habilitados para isto.

Artigo 110. Recursos ordinarios

Constitúen recursos ordinarios do Colexio:

- a) Os rendementos de calquera natureza que se deriven das actividades do Colexio ou dos bens e dos dereitos que integren o seu patrimonio.
- b) As cotas de incorporación ao Colexio.
- c) Os dereitos económicos que estableza a Xunta de Goberno por expedición de certificacións, visados, rexistro e inscrición de documentos, así como pola prestación de calquera outro servizo colexial.
- d) Os dereitos económicos que estableza a Xunta de Goberno pola emisión de ditames, resolucións, informes, consultas ou laudos, sobre calquera materia, incluídas as referidas a honorarios por pedimento xudicial.
- e) O importe das cotas ordinarias, fixas ou variables, e derramas establecidas pola Xunta de Goberno, así como o das cotas extraordinarias que aprobe a Xunta Xeral. As cotas ordinarias actualizaranse anualmente conforme ao IPC cando así o acorde a Xunta de Goberno.
- f) Os ingresos derivados da promoción entre os colexiados e colexiadas de servizos e actividades desenvolvidas por terceiras persoas.
- g) Os dereitos económicos que estableza a Xunta de Goberno pola emisión de laudos en asuntos que se sometan ao tribunal arbitral ou ao servizo de mediación colexiais.
- h) As sancións de multa pecuniaria que, de ser o caso, se impoñan en virtude de resolución disciplinaria firme.
- j) Calquera outro recurso que se derive de conceptos que legalmente sexan procedentes.

Artigo 111. Recursos extraordinarios

Constitúen recursos extraordinarios:

- a) As subvencións ou doazóns que sexan recibidas polo Colexio.
- b) Os bens e os dereitos de toda clase que por herdanza, legado, doazón ou calquera outro tipo lucrativo, pasen a formar parte do patrimonio do Colexio.
- c) As cantidades que por calquera concepto lle corresponda percibir ao Colexio cando administre determinados bens, en cumprimento de encarga temporal ou perpetua, incluso de ámbito benéfico ou cultural.
- d) Calquera outro que se derive de conceptos que legalmente sexan procedentes.

Artigo 112. Patrimonio do Colexio

1. O patrimonio do Colexio será administrado pola Xunta de Goberno e, por delegación desta, polo tesoureiro ou tesoureira, coa colaboración da secretaría técnica ou doutro persoal técnico que se considere necesario para estes efectos.
2. O decano ou decana exercerá as funcións de ordenación de pagamentos, que o tesoureiro ou tesoureira executará, coidando da súa contabilización.

Artigo 113. Orzamento

1. Anualmente a Xunta de Goberno elaborará un orzamento que elevará á Xunta Xeral para o seu exame, emenda e aprobación ou rexeitamento.
2. Se non se aprobase antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o orzamento do exercicio económico anterior.

Artigo 114. Contabilidade

A contabilidade do Colexio adaptarase ao Plan xeral de contabilidade que estea vixente en cada momento.

TÍTULO IV. RÉXIME DOS ACTOS COLEXIAIS, A SÚA NOTIFICACIÓN E IMPUGNACIÓN

CAPÍTULO I. Réxime dos actos colexiais, a súa execución e impugnación

Artigo 115. Dereito aplicable e execución

1. Os acordos que adopten a Xunta de Goberno ou a Xunta Xeral no exercicio das súas potestades administrativas estarán sometidos ao dereito administrativo. Os actos que lle poñan fin á vía administrativa serán inmediatamente executivos, agás que o propio acordo, ou a norma que habilite a súa adopción, establezan expresamente outra cousa ou que se trate de materia disciplinaria.

A Xunta de Goberno poderá acordar, de maneira excepcional e motivada, a suspensión dos ditos acordos.

2. Aqueles acordos que non se adopten no exercicio de funcións administrativas, estarán sometidos á lexislación que corresponda e poderán ser obxecto de impugnación ou reclamación, así como da esixencia das responsabilidades que poidan derivarse da súa propia natureza, ante a xurisdición competente.

Artigo 116. Libros de actas

Os acordos da Xunta Xeral e os da Xunta de Goberno transcribíranse de forma separada en cadanseu libro de actas, que deberán ser asinadas polo decano ou decana, ou por quen nas súas funcións presidise ambas as xuntas, e polo secretario ou secretaria, ou por quen desempeñase as súas funcións.

Artigo 117. Recursos

1. Contra os acordos definitivos adoptados pola Xunta de Goberno, incluídos os acordos en materia disciplinaria, e os acordos da Xunta Xeral suxeitos ao dereito administrativo, poderase recorrer en alzada ante o Consello da Avogacía Galega, de acordo co disposto na lexislación sobre o procedemento administrativo común.

2. O recurso interpoñerase, no prazo dun mes desde a notificación do acordo, ante a Xunta de Goberno, que deberá remitilo no prazo dos quince días seguintes á data de presentación, cos seus antecedentes e o informe que proceda, ao Consello da Avogacía Galega.

3. No suposto de actos ou resolucións ditadas no exercicio de competencias administrativas delegadas, haberá que aterse aos termos da propia delegación.

Artigo 118. Recursos da Xunta de Goberno

1. A Xunta de Goberno tamén poderá recorrer contra os acordos da Xunta Xeral ante o Consello da Avogacía Galega ou, no seu defecto, ante o Consejo General de la Abogacía Española, no prazo dun mes desde a súa adopción.
2. Se a Xunta de Goberno entendese que o acordo contra o que se recorre é nulo de pleno dereito ou gravemente daniño para os intereses do Colexio, poderá solicitar a súa suspensión e o consello competente poderá acordala ou denegala motivadamente.

CAPÍTULO II. Notificacións e réxime das comunicacións electrónicas

Artigo 119. Práctica das notificacións

1. Os acordos que deban ser notificados persoalmente aos colexiados e colexiadas, que teñan adscrición a este ou outro colexio, incluídos os referentes a materia disciplinaria, practicaranse preferentemente por medios electrónicos a través da súa remisión por correo electrónico ao enderezo que obrigatoriamente han de consignar para relacionarse co Colexio, de acordo coa obriga establecida no artigo 44.g) do presente Estatuto.
2. Alternativamente, poderán poñerse á disposición na sede electrónica do Colexio.
3. A persoa que vaia ser notificada recibirá o acordo e tomará coñecemento del dentro do prazo de dez días naturais contados dende a posta á disposición.
4. No caso de que non se acceda ao contido, entenderase que a notificación foi efectuada en conformidade e despregará plenamente os seus efectos.
5. No caso de remisión directa de correo electrónico, a conformidade da posta á disposición acreditarase mediante certificación colexial do reporte de confirmación de entrega emitido polo servidor de correo. De igual maneira, a conformidade da posta á disposición na sede electrónica acreditarase mediante certificación de trazabilidade.
6. A notificación por medio non electrónico, que poderá practicarse de forma alternativa ou simultánea á electrónica, acreditarase co correspondente xustificante de recepción. Se a persoa destinataria rexeitase recibila, expresa ou tacitamente, considerarase efectuada de forma válida sempre que se se intentase practicala no enderezo que conste nos censos colexiais.
7. Se non se puidese efectuar a notificación desta forma, entenderase perfeccionada aos quince días da súa publicación no taboleiro de anuncios, electrónico ou físico, do Colexio, que se realizará na forma prevista pola lexislación reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas.
8. Para o non previsto neste artigo aplicarase o disposto nos artigos 40, 41 e 42 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 120. Réxime das comunicacións electrónicas

1. Os colexiados e colexiadas deberán relacionarse co Colexio por medios electrónicos conforme ao previsto nas leis de procedemento administrativo, no Estatuto xeral e no presente Estatuto. A anterior previsión afecta igualmente a outros e outras profesionais da avogacía que se relacionen ou teñan que relacionarse co Colexio por calquera causa.

2. Para estes efectos deberán utilizar os medios electrónicos, aplicacións ou sistemas que establecese o Colexio, quen respectará as garantías e os requisitos previstos para o procedemento de que se trate. A Xunta de Goberno poderá adoptar os acordos que estime oportunos para unha adecuada regulación do uso de medios electrónicos para os efectos de notificacións.

3. As notificacións electrónicas do Colexio poderán realizarse dunha das dúas formas seguintes:

a) Mediante a remisión de correo electrónico ao enderezo electrónico de quen se trate. Para estes efectos, os Colexiados e Colexiadas deberán comunicar e manter actualizado un enderezo de correo electrónico no que se poidan efectuar as notificacións oportunas de acordo coa obriga establecida no artigo 44.g) do presente Estatuto. No caso de que o Colexiado ou Colexiada non facilite un enderezo electrónico, considerarase válido o que figure inicialmente na súa ficha profesional ou na súa certificación ACA da sinatura electrónica.

A mesma previsión afecta a calquera outro ou outra profesional da avogacía, para os efectos descritos.

b) Mediante a posta á disposición da notificación de que se trate na sede electrónica do Colexio. Neste caso, o Colexio porá a notificación á disposición do Colexiado ou Colexiada para que proceda á súa recepción e coñecemento do contido no prazo máximo de dez días naturais contados dende a posta á disposición. De non acceder a persoa destinataria ao seu contido no prazo indicado, entenderase que a notificación foi efectuada legalmente despregando plenamente os seus efectos.

4. Nos casos en que o sistema de posta á disposición da notificación na sede electrónica do Colexio o permita, remitiráselle ademais á persoa destinataria un aviso ao seu enderezo electrónico Colexial. Non obstante, a imposibilidade ou ausencia de tal aviso non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

6. Nos casos de posta á disposición na sede electrónica, acreditaranse os anteriores extremos mediante certificación de trazabilidade ou equivalente, expedida polo Consejo General de la Abogacía Española. Igualmente terá a mesma consideración a certificación que, de acordo cos rexistros que consten no servidor de correo, emita o Colexio, no caso de remisión directa de correo electrónico.

7. Nos casos de notificación por medio non electrónico, acreditarase co correspondente xustificante de recepción. Se a persoa destinataria rexeitase, expresa ou tacitamente, recibir a comunicación, entenderase que esta foi efectuada de forma válida e seguirase cos demais trámites.

8. Poderase efectuar a notificación por medios non electrónicos nos seguintes supostos:

a) Cando a notificación se realice con ocasión da presenza física da persoa destinataria e esta solicite ou acepte a súa recepción nese momento.

b) Cando o Colexio considere procedente practicar a notificación por entrega persoal á persoa interesada ou mediante correo postal con xustificante de recepción.

c) Cando o acto que se pretenda notificar vaia acompañado de elementos que non sexan susceptibles de conversión a formato electrónico.

9. O Colexio disporá dun taboleiro electrónico de anuncios na web Colexial, que se regulará polo establecido no presente Estatuto e polos acordos adoptados ao respecto pola Xunta de Goberno.

10. Para o non previsto neste artigo aplicarase o disposto no artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TÍTULO V. PERSOAL EMPREGADO, COLABORADOR E SECRETARÍA TÉCNICA

Artigo 121. Contratación

1. Para o desempeño das funcións que ten encomendadas, o Colexio poderá dotarse de persoal laboral contratado e de persoal colaborador.
2. Corresponderalle á Xunta de Goberno, por proposta do secretario ou secretaria, decidir en todo caso sobre a contratación do persoal laboral ou a designación de persoal colaborador.

Artigo 122. Persoal laboral

Será persoal laboral do Colexio o que, con suxeición á normativa laboral e coa xornada e condicións que en cada caso se estipulen, se contrate, en réxime de dependencia, para atender as funcións habituais do Colexio e os servizos dependentes del.

Artigo 123. Persoal colaborador

Serán colaboradores ou colaboradoras os colexiados ou colexiadas e as persoas físicas ou xurídicas que, con carácter transitorio ou ocasional e sen suxeición a réxime de dependencia laboral, auxiliien a Xunta de Goberno ou as súas comisións para o mellor desempeño das súas funcións.

Artigo 124. Secretaría técnica-xerencia

1. Incúmbelle á persoa titular da secretaría técnica-xerencia asegurar o bo funcionamento da oficina colexial, a dirección inmediata e a coordinación do persoal laboral e colaborador, así como a execución material dos acordos dos órganos colexiais.
2. O ou a titular da secretaría técnica-xerencia actuará con liberdade de decisión dentro dos criterios que lle sexan fixados pola Xunta de Goberno e, en particular, polo secretario ou secretaria desta, e responderá da súa actuación ante a Xunta de Goberno.
3. Mediante acordo da Xunta de Goberno poderánselle atribuír todas aquelas funcións e facultades que este órgano considere delegarlle.
4. Poderá asistir ás sesións da Xunta de Goberno, con voz pero sen voto, para prestar apoio ao secretario ou secretaria da Xunta na elaboración da acta da sesión e para dar conta dos asuntos da orde do día. Así mesmo, prestará apoio á xunta electoral de acordo co establecido no artigo 80.4 do presente Estatuto.

TÍTULO VI. RÉXIME DISCIPLINARIO

CAPÍTULO I. Infraccións e sancións

Artigo 125. Responsabilidade disciplinaria

Con independencia da responsabilidade civil ou penal en que poidan incorrer, os colexiados e colexiadas terán suxeición á responsabilidade disciplinaria nos termos previstos no presente Estatuto e nas demais disposicións aplicables.

Artigo 126. Potestades disciplinaria e sancionadora

1. A Xunta de Goberno exercerá as potestades disciplinaria e sancionadora respecto dos colexiados e colexiadas que exerzan no ámbito territorial do Colexio ante a infracción dos seus deberes e das súas normas éticas profesionais, de acordo co establecido no presente Estatuto e no Estatuto xeral.

2. O Consello da Avogacía Galega ou o Consejo General de la Abogacía Española exercerán a potestade disciplinaria sobre os membros da Xunta de Goberno do Colexio de acordo co establecido no artigo 120.2 do Estatuto xeral.

Artigo 127. Infraccións

Son infraccións disciplinarias as condutas descritas nos artigos 130, 131 e 132 do presente Estatuto. As infraccións que poidan levar aparellada sanción disciplinaria clasifícanse como: moi graves, graves e leves.

Artigo 128. Sancións

1. As sancións que poderán impoñerse aos e ás profesionais da avogacía son as seguintes:

- a) Apercibimento por escrito.
- b) Multa pecuniaria.
- c) Suspensión do exercicio da avogacía.
- d) Expulsión do Colexio.

2. No caso das sociedades profesionais, poderán ser sancionadas coa baixa do rexistro colexial correspondente, nos termos do presente Estatuto e do Estatuto xeral.

Artigo 129. Principio de proporcionalidade

1. A imposición de calquera sanción gardará a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada. Para tal fin considerarase, en todo caso, a existencia de reincidencia e reiteración, tendo especialmente en conta a natureza e a entidade dos prexuízos causados a terceiros ou á profesión.

2. A Xunta de Goberno poderá adoptar acordos polos que se establezan os criterios aplicables respecto á imposición de sancións en garantía do principio de proporcionalidade. Así mesmo, poderá adoptar acordos en relación co tipo de sanción aplicable naqueles supostos previstos no artigo 133, apartados 2 e 3, do presente Estatuto, en canto á imposición de sanción de suspensión do exercicio da avogacía ou sanción pecuniaria.

Artigo 130. Infraccións moi graves

1. Son infraccións moi graves dos e das profesionais da avogacía:

- a) A condena en sentenza firme por delitos dolosos, en calquera grao de participación, como consecuencia do exercicio da profesión.
- b) A condena en sentenza firme a penas graves conforme aos parágrafos *a*, *b*, *c* e *d* do artigo 33.2 do Código penal.
- c) O exercicio da profesión en vulneración de resolucións administrativas ou xudiciais firmes de inhabilitación ou prohibición do exercicio profesional.
- d) A colaboración ou o encubrimento do intrusismo profesional.
- e) O exercicio da profesión cando se incorra en causa de incompatibilidade.
- f) A vulneración do deber de segredo profesional.

- g) A renuncia ou o abandono da defensa que lle fora confiada cando se lle cause indefensión ao cliente ou clienta.
 - h) A negativa inxustificada a realizar as intervencións profesionais que se establezan por lei ou en supostos extraordinarios e de urxente necesidade para o Colexio.
 - i) A defensa de intereses contrapostos cos do propio avogado ou avogada ou cos do despacho do que formase parte ou co que colaborase.
 - j) O quebrantamento de sancións impostas.
 - k) A retención ou apropiación de cantidades correspondentes ao cliente ou clienta e recibidas por calquera concepto.
 - l) A publicidade de servizos profesionais que incumpra o regulado no artigo 30.2.c) do presente Estatuto e no artigo 22.c do Estatuto xeral.
2. En relación coa quenda de oficio e co servizo de garda, son infraccións moi graves:
- a) A percepción de honorarios do cliente ou clienta da quenda de oficio sen ter dereito a eles.
 - b) A falta de asistencia, sen causa xustificada, a unha vista ou actuación procesual de análoga natureza.
 - c) A non prestación, sen causa xustificada, da garda de 24 horas que lle fose asignada.
 - d) Non estar localizable no período asignado para prestar o servizo de asistencia a persoas detidas.
 - e) A ocultación de causas de incompatibilidade para acceder á quenda de oficio e ao servizo de asistencia a persoas detidas ou o desempeño de cargo na Administración pública ou nunha entidade privada, con suxeición a horario que impida a prestación do servizo.
 - f) A presentación do xustificante de asistencia durante a garda sen realizala efectivamente.
 - g) A substitución nunha actuación concernerente á quenda do oficio por un avogado ou avogada que non cumpra os requisitos de acceso á quenda.
 - h) A reincidencia na mesma falta grave dúas veces.

Artigo 131. Infraccións graves

1. Son infraccións graves dos e das profesionais da avogacía:
- a) A vulneración dos deberes deontolóxicos nos casos seguintes:
 - i. A infracción dos deberes de confidencialidade e das prohibicións que protexen as comunicacións entre profesionais nos termos establecidos no Estatuto xeral.
 - ii. O incumprimento dos compromisos formalizados entre compañeiros ou compañeiras, verbalmente ou por escrito, no exercicio das súas funcións profesionais.
 - iii. A falta do respecto debido ou a realización de alusións persoais de menosprezo ou descrédito, no exercicio da profesión, a outro avogado ou avogada ou ao seu cliente ou clienta.
 - iv. A indución inxustificada ao cliente ou clienta a non aboar os honorarios devindicados por un compañeiro ou compañeira no caso de substitución ou cambio de profesional da avogacía.
 - v. A retención de documentación dun cliente ou clienta contra as súas expresas instrucións.
 - vi. A falta de remisión da documentación correspondente ao avogado ou avogada que asuma a súa substitución para levar un asunto.
 - vii. A citación dun avogado ou avogada como testemuña de feitos relacionados coa súa actuación profesional.
 - b) A publicidade de servizos profesionais que incumpra os requisitos do artigo 30 do presente Estatuto e 20 do Estatuto xeral, salvo que tal conduta sexa constitutiva dunha infracción moi grave, prevista no apartado 1.1) do artigo anterior.

- c) O incumprimento dos deberes de identificación e información que se recollen nos artigos 48 e 49 do Estatuto xeral.
 - d) O incumprimento das obrigas en materia de reclamacións recollidas no artigo 52 do Estatuto xeral.
 - e) A falta do respecto debido a quen interveña na Administración de xustiza.
 - f) A falta de pagamento das cotas colexiais, sen prexuízo da baixa no Colexio polo devandito motivo.
 - g) A falta de comunicación ou actualización da conta de correo electrónico cando fose requirido para iso, para os efectos de recibir as comunicacións e notificacións do Colexio e de acordo co establecido no artigo 44.g) do presente Estatuto.
 - h) A falta do respecto debido aos membros da Xunta de Goberno.
 - i) A incomparecencia inxustificada ás citacións efectuadas, baixo apercibimento, polos membros dos órganos corporativos ou de goberno da avogacía no exercicio das súas funcións.
 - j) A falta de cumprimento das súas funcións como membros de órganos de goberno corporativo que impida ou dificulte o seu correcto funcionamento.
 - k) A condena penal firme pola comisión de delitos leves dolosos como consecuencia do exercicio da profesión.
 - l) A defensa de intereses en conflito cos doutros clientes ou clientas seus ou do despacho do que formase parte ou co que colaborase, en vulneración do establecido no artigo 51 do Estatuto xeral.
 - m) O incumprimento inxustificado da encarga contida na designación realizada polo Colexio en materia de asistencia xurídica gratuíta.
 - n) O incumprimento da obriga de comunicar a substitución na dirección profesional dun asunto ao compañeiro ou compañeira a quen substitúa, nos termos previstos no artigo 60 do Estatuto xeral.
 - ñ) A relación ou comunicación coa parte contraria cando lle conste que está representada ou asistida por outro avogado ou avogada, salvo que teña súa autorización expresa.
 - o) O abuso da circunstancia de ser o único avogado ou avogada interviniente e que isto cause unha lesión inxusta.
 - p) A incomparecencia inxustificada a calquera dilixencia xudicial, sempre que lles cause un prexuízo aos intereses da defensa que lle foi confiada.
 - q) O pagamento, a cobranza, a esixencia ou a aceptación de comisións ou doutro tipo de compensación doutro avogado ou avogada ou de calquera persoa, infrinxindo as normas legais sobre competencia ou as reguladoras da deontoloxía profesional.
 - r) A negativa ou o atraso inxustificado a render contas da encarga profesional ou a facer a correspondente liquidación de honorarios e gastos que lle sexa esixida polo cliente ou clienta.
 - s) A compensación de honorarios con fondos do cliente ou clienta que non fosen recibidos como provisión, sen o seu consentimento.
 - t) A falsa atribución dunha encarga profesional.
 - u) A embriaguez ou consumo de drogas cando afecten o exercicio da profesión.
 - v) A falta de contratación dun seguro ou garantía cando a obrigación de contar co devandito réxime de garantía para cubrir as responsabilidades por razón do exercicio profesional así estea prevista por lei.
 - w) A falta de respecto debido, menosprezo ou ofensas graves ao persoal laboral do Colexio.
 - x) Os demais actos ou omisións que constitúan ofensa grave á dignidade da profesión e ás regras que a gobernan, conforme ao establecido no presente Estatuto, no Estatuto xeral e noutras normas legais.
2. En relación coa quenda de oficio e co servizo de garda, son infraccións graves:
- a) A falta de asistencia ou asesoramento, sen causa xustificada, á quenda que lle foi designada.

- b) A substitución non autorizada no servizo.
- c) A alegación de insostibilidade, cando resulte de manifesta temeridade.
- d) A percepción de honorarios do cliente ou clienta da quenda, ou da parte contraria por condena ás custas e sen poñelo en coñecemento da comisión da quenda de oficio.
- e) Figurar de alta na quenda de oficio nun partido xudicial no que non exerza a actividade profesional principal.
- f) As substitucións sistemáticas nas designacións de oficio por outro compañeiro ou compañeira que estea adscrita á quenda.
- g) Declarar de forma reiterada nas xustificacións trimestrais asuntos que xa fosen declarados en trimestres anteriores, ou os xa aboados, ou de actuacións non realizadas.
- h) Non asistir a persoa investigada nas dependencias xudiciais nos días seguintes aos da garda.
- i) A reincidencia na mesma falta leve dúas veces.

Artigo 132. Infraccións leves

1. Son infraccións leves dos e das profesionais da avogacía:

- a) Ofender levemente en calquera comunicación privada oral ou escrita ao avogado ou avogada da parte contraria, sempre que non transcendese a ofensa.
- b) Comprometer nas súas comunicacións e manifestacións co avogado ou avogada da parte contraria ao propio cliente ou clienta con comentarios ou manifestacións que lle poidan causar desprestixio.
- c) Impugnar reiterada e inxustificadamente os honorarios doutros avogados ou avogadas.
- d) Non atender coa debida dilixencia as visitas, comunicacións escritas ou telefónicas doutros avogados ou avogadas.
- e) Non comunicar oportunamente ao Colexio o cambio de domicilio profesional ou calquera outra circunstancia persoal que afecte a súa relación con aquel.
- f) Non consignar no primeiro escrito ou actuación a súa identificación, o colexio no que figure con incorporación e o número de colexiación.
- g) A falta de respecto debido ou ofensas leves ao persoal laboral do Colexio.
- h) A falta de comunicación de eventuais cambios de domicilio profesional de acordo co establecido no artigo 37.c) do presente Estatuto

2. En relación coa quenda de oficio e co servizo de garda, son infraccións leves:

- a) Non atender coa dilixencia debida os asuntos derivados da quenda de oficio, cando o incumprimento non constituía infracción grave ou moi grave.
- b) A non remisión dos xustificantes de asistencia no prazo de sete días desde a finalización da garda.
- c) Calquera outra infracción recollida nas normas reguladoras que afecten a quenda de oficio e que non estean tipificadas como infracción moi grave ou grave.

Artigo 133. Sancións para os e as profesionais da avogacía

1. Pola comisión de infraccións moi graves, atendendo a criterios de proporcionalidade, poderá impoñerse a expulsión do Colexio ou a suspensión do exercicio da avogacía por un prazo superior a un ano sen exceder de dous.

2. Pola comisión de infraccións graves poderá impoñerse a sanción de suspensión do exercicio da avogacía por un prazo superior a quince días sen exceder dun ano ou multa pecuniaria por importe de entre 1.001 e 10.000 euros.

3. Pola comisión de infraccións leves poderá impoñerse a sanción de apercibimento escrito, ou suspensión do exercicio da avogacía por un prazo non superior a quince días, ou multa pecuniaria por importe de ata 1.000 euros.

4. Será facultade da Xunta de Goberno decidir en que supostos se poderá optar pola sanción de suspensión do exercicio da avogacía ou pola multa pecuniaria, de acordo co establecido no artigo 129.2 do presente Estatuto.

5. As sancións que se impoñan por infraccións leves, graves ou moi graves relacionadas con actuacións desenvolvidas na prestación dos servizos da quenda de oficio regularanse de acordo co establecido no Regulamento da quenda de oficio do Colexio e no presente Estatuto.

Unha vez incoado un expediente disciplinario como consecuencia dunha denuncia formulada por unha persoa usuaria dos servizos de asistencia xurídica gratuíta, cando a gravidade do feito denunciado o aconselle, poderá acordarse a separación cautelar do servizo do avogado ou avogada presuntamente responsable por un período máximo de seis meses, ata que o expediente disciplinario se resolva.

Artigo 134. Efectos das sancións sobre as cargas colexiais

Cando a sanción imposta sexa a de expulsión, cesará a obriga da persoa sancionada de atender as cargas colexiais. En todos os demais casos, tal obriga continuará subsistindo.

Artigo 135. Publicidade das sancións e o seu rexistro

1. A Xunta de Goberno remitiralle ao Consello da Avogacía Galega e ao Consejo General de la Abogacía Española un testemuño dos acordos firmes de sanción que recaian nos expedientes sobre responsabilidade disciplinaria dos colexiados ou colexiadas.

2. Daráselle publicidade ás sancións firmes de suspensión ou expulsión, e todas deberán constar no expediente persoal do colexiado ou colexiada que recibise a sanción.

3. Igualmente, comunicaránselles aos tribunais do ámbito territorial do Colexio as sancións firmes de expulsión e de suspensión no exercicio profesional.

Artigo 136. Prescrición das infraccións

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde que a infracción se cometese.

Nos casos de infracción continuada ou infracción permanente, tal prazo computarase, respectivamente, desde o día en que se realizase a última infracción ou desde que cesase a situación ilícita.

3. A prescrición interromperase pola notificación á persoa colexiada afectada do acordo de incoación e información previa á apertura de expediente disciplinario, continuándose o cómputo do prazo de prescrición se nos tres meses seguintes non se iniciase un expediente disciplinario ou se este permanecese paralizado durante máis de seis meses por causas non imputables ao colexiado ou colexiada.

Artigo 137. Prescrición das sancións

1. As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por infraccións graves, aos dous anos, e as impostas por infraccións leves, aos seis meses.

2. O prazo de prescrición das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que adquirise firmeza o acordo sancionador.

3. O prazo de prescrición da sanción, cando o sancionado ou sancionada quebrante o seu cumprimento, comezará a contar desde a data do quebrantamento.

Artigo 138. Cancelación de anotacións por cumprimento da sanción

1. A anotación das sancións no expediente persoal do colexiado cancelárase cando transcorran os seguintes prazos, sen que o colexiado ou colexiada incorrese en nova responsabilidade disciplinaria: seis meses no caso de sancións de amoestación privada ou apercibimento escrito; un ano para o caso de sanción de suspensión non superior a tres meses; tres anos para o caso de sanción de suspensión superior a tres meses; e cinco anos para o caso de sanción de expulsión. O prazo de caducidade contarase a partir do día seguinte a aquel en que quedase cumprida a sanción.

2. A cancelación da anotación, unha vez cumpridos os ditos prazos, poderá facerse de oficio ou por pedimento das persoas interesadas.

Artigo 139. Rehabilitación e a súa comunicación

1. A rehabilitación solicitaráselle á Xunta de Goberno, quen resolverá sobre ela.

2. Para o caso de expulsión, o sancionado ou sancionada deberá ademais acreditar a rectificación da conduta que deu lugar á imposición da sanción, o cal será valorado pola Xunta de Goberno, de acordo co establecido no artigo 13 do Estatuto xeral.

Unha vez concedida a rehabilitación, o sancionado ou sancionada poderá solicitar a incorporación ao Colexio.

3. A Xunta de Goberno remitiralle ao Consello da Avogacía Galega e ao Consejo General de la Abogacía Española un testemuño das resolucións de rehabilitación.

CAPÍTULO II. Procedemento sancionador

Artigo 140. Procedemento

1. As sancións disciplinarias só poderán impoñerse en virtude de procedemento instruído para o efecto no que se garantan á persoa interesada os dereitos para ser notificada dos feitos que se lle imputan, formular alegacións e utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico que resulten procedentes.

2. O procedemento iníciase de oficio, por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de denuncia.

3. Con anterioridade ao acordo de iniciación, o órgano competente poderá abrir un período de información previa co fin de determinar se procede ou non iniciar o procedemento sancionador. No caso de que se acorde o seu inicio, deberase nomear un instrutor ou instrutora de entre os membros da Xunta de Goberno ou da comisión deontolóxica.

4. O procedemento tramítase de conformidade co establecido na lexislación administrativa básica e as normas que a desenvolvan, así como no disposto pola normativa autonómica e corporativa e no Regulamento de procedemento disciplinario do CGAE. No caso de infraccións leves, aplicarase un procedemento simplificado.

5. A resolución do expediente disciplinario adoptárase no prazo máximo de seis meses dende o seu inicio, sen prexuízo das posibles interrupcións do cómputo por suspensión do procedemento.

6. Contra as resolucións que recaian no expediente disciplinario poderá recorrerse de acordo co réxime de recursos previsto no presente Estatuto e coa lexislación vixente.

Artigo 141. Execución das sancións

1. As sancións disciplinarias serán executivas unha vez que sexan firmes na vía administrativa.
2. As sancións producirán efecto no ámbito de todos os colexios da avogacía de España. Será competente para executalas o órgano que as imponha, que terá preceptivamente que comunicarlhas ao Consejo General de la Abogacía Española para que este poida informar a todos os colexios e consellos autonómicos.
3. Cando a sanción fose imposta por un colexio distinto do de incorporación, este deberá prestarlle a colaboración precisa para a execución da sanción.

Artigo 142. Extinción da responsabilidade disciplinaria dos e das profesionais da avogacía

1. A responsabilidade disciplinaria dos colexiados e colexiadas extínguese polo cumprimento da sanción, o falecemento, a prescrición da infracción e a prescrición da sanción.

No suposto de que a sanción imposta fose a de expulsión do Colexio, deberá seguirse o que establece o artigo 13 do Estatuto xeral en materia de rehabilitación.

2. A baixa no Colexio non extingue a responsabilidade disciplinaria contraída durante o período de alta, senón que se concluirá o procedemento disciplinario e acordarase a sanción que corresponda. No suposto de que a sanción non poida facerse efectiva, quedará en suspenso para ser cumprida se o sancionado ou sancionada causase novamente alta no Colexio.

Artigo 143. Réxime aplicable aos colexiados e colexiadas non exercentes

As persoas colexiadas non exercentes quedan sometidas ás previsións do presente título en todo aquilo que lles sexa de aplicación en relación coa súa actuación colexial.

TÍTULO VII. MODIFICACIÓN DO PRESENTE ESTATUTO

Artigo 145. Procedemento

1. A modificación do presente Estatuto é competencia da Xunta Xeral, convocada en sesión extraordinaria, nos termos e cos requisitos que prevé este Estatuto, o Estatuto xeral, a Lei de colexios profesionais de Galicia e a lei de colexios profesionais estatal.
2. A modificación iniciarase por proposta da Xunta de Goberno ou por petición de, cando menos, o 25 por cento dos colexiados e colexiadas exercentes con dereito a voto.
3. Coa proposta de modificación haberá de presentarse o correspondente proxecto, que será posto de manifesto a todo o censo colexial. Sobre o dito proxecto poderanse formular emendas, totais ou parciais, dentro do mes seguinte á súa publicación, que se someterán a discusión e votación.
4. A xunta xeral convocarase dentro do mes seguinte á expiración do prazo para presentación de emendas e levarase a cabo dentro do mes posterior á convocatoria.
5. A constitución válida da Xunta Xeral, en sesión extraordinaria, requirirá a concorrencia persoal da metade máis un do censo colexial con dereito a voto, aínda que poderá preverse unha segunda convocatoria na que non se esixirá ningún quórum especial.

6. Na xunta xeral, o decano ou decana, ou o membro da Xunta de Goberno que esta designe, defenderá o proxecto, se este fose iniciativa da propia Xunta de Goberno; noutro caso, farao o colexiado ou colexiada que designe quen propoña a modificación. Seguidamente abriranse quendas, que non poderán exceder de tres a favor e en contra da proposta ou, de ser o caso, das emendas presentadas. Finalmente o proxecto someterase á votación.

7. Cando a modificación estatutaria veña imposta por unha norma legal, a Xunta de Goberno poderá acurtar os prazos sinalados nos apartados anteriores.

8. O texto definitivo aprobado elevarase ao Consejo General de la Abogacía Española para a súa aprobación nos termos do artigo 70 do Estatuto xeral e, a continuación, á consellería competente en materia de colexios profesionais da Xunta de Galicia para os efectos da súa aprobación definitiva, coa cualificación previa de legalidade, inscrición no rexistro de colexios e publicación mediante orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 146. Habilitación da Xunta de Goberno

Habilítase expresamente a Xunta de Goberno para introducir as eventuais modificacións estatutarias que fosen requiridas polo Consejo General de la Abogacía Española ou o órgano competente da Xunta de Galicia en trámite de cualificación da súa legalidade.

TÍTULO VIII. DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO COLEXIO

Artigo 147. Disolución e liquidación

O Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela poderase disolver e extinguir por acordo unánime dos e das súas integrantes, que se adoptará en xunta xeral extraordinaria convocada para o efecto.

O acordo que declare a disolución expresará o que corresponda en relación coa liquidación do seu patrimonio, coa sucesión dos seus dereitos e obrigas, da súa personalidade e coa extinción ou cesión das súas potestades e competencias administrativas.

TÍTULO IX. HONRAS

Artigo 148. Títulos e distincións

1. Establécese o título de decano honorario ou decana honoraria, que será concedido pola Xunta Xeral por proposta da Xunta de Goberno.

O título terá carácter vitalicio e quen o teña terá dereito nos actos públicos a usar toga cos símbolos que distinguen ao decano ou decana, e a ocupar un lugar preferente a continuación del ou dela.

2. Tamén se establece a distinción de colexiado de honra ou colexiada de honra, que poderá ser concedida pola Xunta de Goberno a colexiados ou colexiadas con máis de 60 anos de exercicio profesional.

3. Por acordo da Xunta de Goberno poderáselles conceder a insignia ou medalla de ouro do Colexio a aqueles colexiados ou colexiadas que cumpran 40 anos de exercicio profesional ou a aqueles ou aquelas que prestasen servizos relevantes á avogacía ou ao Colexio.

Disposición adicional primeira. Normas de aplicación supletoria

Para o non previsto no presente Estatuto será de aplicación o Estatuto xeral da avogacía española, o Código deontolóxico e o Regulamento de procedemento disciplinario do Consejo General de la Abogacía Española, as leis autonómica e estatal de colexios profesionais e a lexislación sobre procedemento administrativo común.

Disposición adicional segunda. Vixencia da normativa colexial

Os regulamentos, protocolos, instrucións e acordos ditados polo Colexio con anterioridade ao presente Estatuto entenderanse vixentes de plena aplicación, salvo no que resulte contrario ao presente Estatuto ou, de ser o caso, ao Estatuto xeral da avogacía española.

Disposición transitoria

As infraccións cometidas ata o día da entrada en vigor do presente Estatuto sancionaranse conforme á normativa anterior.

Os procedementos disciplinarios iniciados con anterioridade á entrada en vigor do presente Estatuto resolveranse de acordo coa regulación anterior. Para tal efecto, os procedementos disciplinarios consideraranse iniciados cando se dite o acordo de inicio do expediente, sen ter en consideración os períodos de información previa.

Non obstante o anterior, aplicarase este Estatuto, unha vez que entre en vigor, se as súas disposicións son máis favorables para a persoa infractora.

Disposición derogatoria única

Coa entrada en vigor do presente Estatuto quedará derogado o anterior estatuto aprobado pola Orde do 10.10.2007 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Disposición derradeira. Entrada en vigor

Unha vez publicado no *Diario Oficial de Galicia*, entrará en vigor na data que sexa fixada mediante a orde da consellería competente pola que se aproba o presente Estatuto.